

2014

MEMORIA DE ACTIVIDADES

DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

2014

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Consello Galego de Relacións Laborais



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

Edita:

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981.541.601

Fax: 981.541.610

E-mail: info.cgri@xunta.es

15781 Santiago de Compostela

Realiza: Unicopia Artes Gráficas, S.L.

ISSN: 1889-5395

Dep. Legal: C-1622-2009

2014

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Consello Galego de Relacións Laborais



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

Certificación

Marisa Peña Cebreiro, secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICA: Que na xuntanza do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, que tivo lugar o 29 de xaneiro de 2015, foi aprobada por unanimidade a memoria de actividades do Consello correspondente ao exercicio de dous mil catorce.

Santiago de Compostela,
29 de xaneiro de 2015

Índice

9	LIMIAR
11	O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
21	PLENOS, PERMANENTES E COMISIÓNS DE TRABALLO EN 2014
31	EMISIÓN DE DITAMES
41	SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLITOS: XESTIÓN DO AGA
57	O PAPEL DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA
71	CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS
77	II ENCONTRO DE CONSELLOS DE RELACIÓNS LABORAIS
83	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS
93	O CONSELLO E AS NOVAS TECNOLOXÍAS
97	PERSOAL DO CONSELLO
101	CONCERTOS DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS
109	GASTOS ORZAMENTARIOS

Demetrio Fernández López
*Presidente do Consello Galego
de Relacións Laborais*



Limiar

Un ano máis hónrame presentar a memoria de actividade do Consello Galego de Relacións Laborais, correspondendo nesta ocasión ao ano 2014.

O Consello tratou de desenvolver a súa actividade coa maior eficacia posible dentro dunha escaseza de recursos que condiciona en moito a nosa potencialidade. Con todo, a identificación de UGT Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia, CIG e CEG con un organismo que é parte deles e o pundonor e a profesionalidade do persoal propio do organismo permitiunos, sen dúbida, saír airosos nun ano no que o contexto sociolaboral aínda foi tremendamente hostil para as empresas e as persoas traballadoras de Galicia.

No 2014 o Consello incrementou unha vez máis a súa presenza e a súa intermediación nos conflitos laborais que se produciron en Galicia, algún deles de moita duración. Máis de 100 expedientes de solicitude de mediación ou arbitraje do Consello que afectaron a 1.654 empresas e a 34.000 persoas traballadoras se xestionaron con razoable éxito no ano 2014. A presenza e o emprego do Acordo galego de solución extraxudicial de conflitos incrementouse no ano rematado, constituíndo unha ferramenta cada día máis importante no marco das relacións laborais galegas.

O desenvolvemento da función consultiva, coa emisión de 39 ditames a outros tantos proxec-

tos normativos; o apoio e asistencia técnica prestados ás mesas negociadoras de convenios colectivos en 88 xuntanzas negociadoras de convenios colectivos e comisións paritarias, ou a axuda prestada para o rexistro de convenios colectivos e para resolver a inseguridade derivada da ausencia de criterios para tal rexistro son elementos que requiriron tamén unha dedicación especial por parte do Consello.

No ano 2014 preto dun milleiro de persoas asistiron ás xornadas formativas, seminarios e cursos do Consello organizados en colaboración coas universidades galegas, colexios de graduados sociais e o Consello Xeral do Poder Xudicial.

En definitiva, entre estes aspectos mencionados e outros moitos recollidos na memoria que se presenta, o Consello continuou a ser no 2014 un organismo rendible social e economicamente en Galicia, un organismo que traballou arreo na procura da utilidade e un foro de encontro de empresarios e sindicatos que tratou de aportar un empuxe á mellora das relacións laborais galegas.

Se no ano 2015 que comeza somos quen de manter a identificación e o sentimento de pertenza das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia co Consello Galego de Relacións Laborais, seremos capaces de facer máis e mellor actividade, e seremos capaces de

devolverlle a Galicia todo o que dela recibimos.
Oxalá que así sexa porque nesa clave se traballará todo o ano.

Xaneiro de 2015

Demetrio Fernández López
*Presidente do Consello Galego
de Relacións Laborais*

O Consello Galego de Relacións Laborais

NATUREZA XURÍDICA.
REGULACIÓN

COMPETENCIAS

COMPOSICIÓN

ESTRUTURA E
FUNCIONAMENTO

Natureza xurídica. Regulación

A lei reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais, Lei 5/2008, do 23 de maio, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 11 de xuño de 2008, veu dar resposta a unha demanda dos axentes económicos e sociais galegos, xa que este organismo constitúe o único foro de participación institucional propio, ao non formar parte nel ningunha outra organización social ou profesional. A lei dota o Consello de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, aínda que o adscribe organicamente á consellería competente en materia de traballo.

Esta lei veu así mesmo reforzar a neutralidade e non-interferencia na autonomía de sindicatos e asociacións empresariais, ao regulamentar que o nomeamento e cesamento de altos cargos do organismo conte coa conformidade das persoas membros das representacións sindicais e empresariais que integran o seu Pleno.

A súa regulación complétase coa Resolución do 23 de outubro de 2008, publicada no DOG do 13 de novembro de 2008, pola que o Consello fai público o seu regulamento interno de organización e funcionamento.

Competencias

As competencias do Consello, establecidas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno, son as seguintes:

- Elaborar e remitir-lles, por propia iniciativa, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formular-lles propostas en materia de política laboral.
- Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.
- Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución española e impulsar unha

axeitada estrutura dos convenios, nos ámbitos territorial e sectorial.

- Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendar a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.
- Desenvolver as actuacións que considere necesarias para acadar o acordo marco interprofesional sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, previsto na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Promover e facilitar a mediación e arbitraje previstos nos conflitos laborais, por pedido das partes interesadas. Para tal fin poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitxaxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.
- Ter información actualizada do desenvolvemento do AGA (Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos do Traballo), así como controlar o seu funcionamento e impulsar a súa ampliación.
- Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e as competencias que o Pleno determine.
- Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma canta información precise para o desempeño das súas funcións.
- Xestionar os acordos que lles sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
- Desenvolver as funcións que o RD 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º.
- Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral da comunidade autónoma e a memoria anual sobre a actuación do Consello.
- Aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio.
- Promover a participación en conferencias ou congresos de interese laboral, así como nas iniciativas de estudos, debates, etc., vinculados coa difusión de cuestións relacionadas co dereito laboral.
- Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.
- Aprobar a planificación anual de actividades do Consello.
- Examinar o desenvolvemento das relacións laborais en Galicia e propoñer medidas que contribúan á súa mellora.
- Aqueloutras funcións asignadas ao Consello, non atribuídas expresamente a outro órgano no Regulamento de Funcionamento Interno do organismo.

Composición

Segundo a súa normativa reguladora, o Consello está integrado por quen exerza a presidencia e a secretaría xeral e por catorce conselleiras e conselleiros, en representación das organizacións sindicais e empresariais que teñan a

condición de representativas en Galicia, que se agrupan da seguinte forma:

- a) Sete persoas membros das organizacións sindicais que superen o dez por cento da



Membros do Pleno do Consello

totalidade das e dos representantes legais dos traballadores/as de Galicia, computadas o 31 de decembro do ano anterior a aquel no que se produza a renovación do mandato das persoas membros representativas do Pleno do Consello. A súa designación farana, en proporción á súa representatividade, os respectivos sindicatos e serán nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.

- b) Sete persoas membros das organizacións empresariais de maior representatividade no ámbito da comunidade autónoma, considerando como tales, para os efectos desta lei, as que empregan como mínimo o dez por cento do persoal traballador no referido ámbito. Serán designadas por elas e nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.

As conselleiras e conselleiros do Consello, tanto titulares como suplentes, serán designadas polas súas organizacións conforme os criterios de equilibrio entre ambos sexos, tal como recolle a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Todas as persoas integrantes do Consello, a excepción da titular da secretaría xeral, terán dereito a voto.

A duración do mandato das persoas con representación é de catro anos, sen prexuízo da súa reelección e da posibilidade de substitución das titulares ou suplentes durante dito período, por proposta da organización á que representen.

INTEGRANTES DO CONSELLO EN 2014

En 2014, a composición do Consello foi a seguinte:

Presidente: Demetrio Fernández López, nomeado polo presidente da Xunta por Decreto 281/2002, do 3 de outubro, que tomou posesión do seu cargo o 7 de outubro de 2002.

Secretaría xeral: Marisa Peña Cebreiro, que ocupou este posto en comisión de servizos desde o día 31 de outubro de 2002 ata o 9 de abril de 2003, data na que obtén o citado posto por libre designación (Orde da Consellería de Asuntos sociais, Emprego e Relacións Laborais de 28 de marzo de 2003, publicada no DOG nº 69, do 08.04.2003). Tomou posesión o día 10 de abril de 2003.

Conselleiras e conselleiros:

Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia):

Titulares:

- Eladio Romero Ares
- José Carlos Rodríguez del Río
- M^a Cruz Vázquez González

Suplentes:

- Domingo Barros Montáns
- Ernesto Fontanes Blanco
- M^a Luisa Rodríguez Vázquez

Pola Confederación Intersindical Galega (CIG):

Titulares:

- Fernando Roberto Acuña Rúa
- Manuel Currás Meira

Suplentes:

- Francisco Xabier Cartelle Pérez
- Margarida Corral Sánchez

Polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (S.N. de CC.OO.):

Titulares:

- Maica Bouza Seoane
- Xesús Castro Baamonde

Suplentes:

- José Hurtado Amador
- José Placido Cazón Lamas

Pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG):

Titulares:

- Antón Arias Díaz-Eimil
- José Manuel Fernández Cedrón
- Javier García Ruíz
- Guadalupe Hervera Iglesias
- Julio Andrés López Garrido
- Luis Novoa Díaz
- Carlos Oliete Fernández

Suplentes:

- Marina Graña Bermúdez
- María J. de Miguel Pérez
- José Antonio Neira Cortés
- Sonia Pardo Díaz
- Fausto Santamarina Fernández
- Alberto Viejo López
- Rafael Serrano Hernández

Estrutura orgánica e funcionamento

De acordo coa normativa reguladora o Consello, para o exercicio das súas funcións, actúa a través dos seguintes órganos:

1) Órganos de goberno

- Órganos unipersoais
 - A presidenta ou o presidente
 - A secretaria ou o secretario
- Órganos colexiados
 - O Pleno
 - A Comisión Permanente

2) Outros órganos colexiados

- O Observatorio Galego da Negociación Colectiva
- O Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames
- A Comisión para a igualdade de mulleres e homes na negociación colectiva
- As comisións de traballo

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

A presidenta ou o presidente

O nomeamento e o cesamento da presidenta ou do presidente faise por decreto da presidenta ou do presidente da Xunta de Galicia, por proposta da conselleira ou do conselleiro competente en materia de traballo, logo de ser aprobada a proposta pola metade máis unha das persoas membros de cada unha das representacións que integran o Pleno do Consello, reunido para o efecto.

A duración do seu mandato será de catro anos, prorrogable a outros catro co pronunciamento previo do Pleno ao respecto.

Son funcións da presidenta ou do presidente:

- Exercer a representación do Consello.
- Convocar as sesións do Pleno e da Comisión Permanente, fixar a orde do día e presidir e moderar o desenvolvemento dos debates.
- Formalizar cantos acordos fosen necesarios para o cumprimento dos fins do Consello.

- d) Supervisar a xestión do conxunto de áreas e servizos do Consello.
- e) Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello e velar para que se cumpran as súas finalidades.
- f) Presentarlle ao Pleno o anteproxecto de orzamento anual do Consello.
- g) Presentarlle ao Pleno o plan e a memoria de traballo anuais do Consello.
- h) Adoptar as medidas necesarias para aplicar os acordos aprobados polo Pleno, polas comisións de traballo e polo Observatorio Galego da Negociación Colectiva.
- i) Convocar, por iniciativa propia ou a instancias do Pleno ou da Comisión Permanente, a persoas técnicas ou expertas para que asistan ás xuntanzas dos órganos colexiados, cando se considere conveniente.
- j) Visar as actas e os certificados dos acordos acadados no Consello.
- k) Cantas outras funcións sexan propias da súa condición de titular da presidencia.
- b) Exercer a coordinación técnico-administrativa dos distintos servizos do Consello e velar pola súa eficacia e funcionamento.
- c) Redactar acta e darlles o curso correspondente aos acordos que adopte o Consello.
- d) Certificar os actos e acordos que realice e adopte o Consello.
- e) Despachar coa presidenta ou co presidente os asuntos ordinarios e aqueloutros que lle fosen encargados.
- f) Asumir a dirección do persoal ao servizo do Consello.
- g) Elaborar o plan e a memoria anuais do Consello para a súa presentación e conseguinte aprobación polo Pleno, dentro do primeiro trimestre do ano.
- h) Substituír á persoa titular da presidencia nos casos de vacante, enfermidade ou calquera outra causa xustificada, a xuízo do Pleno, así como substituíla naquelas comisións de traballo que o Pleno determine constituír.
- i) Expedir certificacións das actas, ditames e acordos aprobados polos órganos colexiados por petición de calquera persoa con interese lexítimo.

A secretaria ou o secretario

O nomeamento e o cesamento do secretario ou da secretaria xeral faise por orde da conselleira ou conselleiro competente en materia de traballo entre funcionarias e funcionarios pertencentes ao grupo A, por proposta de quen ostente a presidencia do Consello, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais representadas neste. Como a figura da vicepresidencia queda suprimida, a secretaría xeral asume as funcións que lle eran inherentes.

Son funcións da secretaria ou do secretario:

- a) Ocupar a secretaría do Pleno, da Comisión Permanente e de calquera outro órgano colexiado que puidese constituírse, asistindo ás reunións con voz pero sen voto.

- j) l) Levar o arquivo e custodiar a documentación dos órganos colexiados do Consello.
- k) m) Presidir as reunións do Pleno do Consello de nomeamento ou cesamento da persoa titular da presidencia do organismo.

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

O Pleno

O Pleno, integrado por todas as persoas que compoñen o Consello, constitúe o máximo órgano de decisión do organismo e ten as funcións especificadas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno.

*Xuntanza do Pleno do Consello*

Ademais, entre as funcións atribuídas especificamente a este órgano está a de aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio, acordar as indemnizacións por razón de servizo que lles corresponda as conselleiras e conselleiros, así como as retribucións aos profesionais que colaboren co Consello e aprobar o regulamento de funcionamento interno do Consello e as súas posibles modificacións.

Os acordos do Pleno do Consello serán adoptados pola maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto, e faranse constar en acta, se fose solicitado, os votos discrepan-tes, coa súa fundamentación.

A Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano de goberno ordinario do Consello e estará composta polas persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral e por seis membros do Consello en representación das organizacións que o compoñen, dos que tres corresponden ás organizacións empresariais e tres aos sindicatos máis representativos.

Entre as súas funcións está a de confeccionar a orde do día das xuntanzas plenarias, elaborar estudos sobre propostas de creación de comisións de traballo, elaborar o orzamento correspondente para cada exercicio, emitir informe para a extensión dos convenios colectivos nos termos establecidos no artigo 7 do RD 718/2005 e pechar a proposta de planificación de actividades do Consello.

Os acordos da comisión serán adoptados pola maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto, facéndose constar en acta, se así se solicitase, os votos discrepantes.

OUTROS ÓRGANOS COLEXIADOS

Observatorio Galego da Negociación Colectiva

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao Consello no punto c) do artigo 3º da súa lei reguladora, créase dentro do organigrama do Consello o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, que se configura como un órgano de carácter colexiado.

Estará integrado por seis membros, tres en representación das organizacións sindicais e tres das organizacións empresariais que integran o Pleno do Consello, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral e poderá contar coa presenza de persoas expertas sen dereito a voto, así como cun asesor/a por cada organización sindical e tres pola parte empresarial.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto.

Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames

O artigo 3 da súa lei reguladora establece como unha das funcións do Consello a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral.

Para o desenvolvemento desta función creouse en 1991 o Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, cunha representación proporcional similar á do Consello e con normas propias de funcionamento, que foron modificadas en 2003. A nova normativa reguladora configura este comité como un órgano colexiado, que garante a eficacia e axilidade na emisión de ditames. O seu funcionamento seguirá as normas previstas no anexo do regulamento interno do organismo.

Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia define, no seu Título III, a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva como un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega adscrito organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Entre as súas competencias está a de asesorar sobre a redacción e aplicación de cláusulas

que promovan a igualdade ou removan discriminacións, a análise dos convenios para detectar cláusulas discriminatorias, a organización de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas e a organizacións empresariais e sindicais, así como a elaboración de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada entre homes e mulleres.

Esta comisión constará dunha presidencia, que será ocupada por quen ostente a do Consello, tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas, tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas e tres persoas de recoñecido prestixio en materia de igualdade por razón de xénero, que participarán con voz, pero sen voto.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto.

Comisións de traballo

Segundo a súa lei reguladora, o Consello poderá constituír as comisións de traballo que considere necesarias, así como determinar a súa composición.

Integrarán as comisións de traballo as persoas designadas polas organizacións empresariais e sindicais representadas no Consello, en proporción e paridade equivalente á do Pleno, e as


Xuntanza da Comisión de Igualdade



súas competencias serán as que este determine antes da súa constitución.

Estas comisións de traballo examinarán os temas que o Pleno decida e remitiranlle a este a resolución das súas conclusións. A presidencia e a moderación dos traballos nelas desenvolvidos corresponderalle á persoa titular da presidencia do Consello, ou, de ser o caso, da secretaria xeral.

Plenos, permanentes e comisións de traballo en 2014



Plenos

ORDINARIO: 31 DE XANEIRO DE 2014 (1/2014)

- Aprobación, se procede, da acta anterior 4/13.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aprobación do programa de actividades para o ano 2014.
- Rogos, preguntas e propostas.

Destácase nesta xuntanza a aprobación do programa de actividades do Consello, que se centrou en catro áreas fundamentais:

1) Función consultiva. Non hai novidades no seu desenvolvemento. A primeiros de ano publicaranse en formato electrónico os ditames emitidos en 2013. A Comisión Permanente analizará e valorará as consideracións unánimes que foron tidas en conta na publicación das normas no ano 2013, e, de estimarse oportuno, solicitará formalmente ás dúas direccións xerais da Consellería de Traballo e Benestar un certo orden na remisión dos proxectos normativos, que se trate da versión definitiva e que se xunten todos os documentos complementarios necesarios, lembrándolles o prazo de emisión que establece a lei reguladora do Consello. Así mesmo, comunicaráselles que se os documen-

tos complementarios ou textos modificados se remiten con posterioridade, temos a obriga de iniciar de novo o cómputo do prazo. Podería engadirse que no caso das consideracións unánimes que non son tidas en conta, se xustifiquen na medida do posible os motivos polos que non se aceptan, posto que son froito dun consenso xeral e reflicten un parecer común.

2) Apoio á negociación colectiva. Centrara-se nos seguintes obxectivos: creación da Comisión autonómica de convenios colectivos vinculada ao Consello; insistencia na demanda de unificación de criterios á hora do rexistro de convenios colectivos; análise de posibilidades de criterios comúns no proceso de eleccións sindicais; ofrecemento dun servizo de tradución público, inmediato e obxectivo de textos de convenios colectivos; explotación de datos respecto das inaplicacións de convenios colectivos en Galicia; emisión dun informe no primeiro cuatrimestre do ano da situación da ultraactividade en Galicia.

No observatorio intentarase: reconducir a guía útil As 60 preguntas máis frecuentes na negociación colectiva, coas respostas que se formulen, para colgar na páxina web; pactar cláusulas tipo en materias como ultraactividade, saúde laboral, medio ambiente, comisión paritaria, violencia de xénero; aprobar unha recomendación en materia de tratamento de persoas con discapacidade na negociación colectiva e, á vista dos criterios que remita a dirección xeral, un

recordatorio de difusión masivo dos contidos mínimos; aprobar os criterios recomendados para a elaboración dun código de conduta; realizar un debate franco e fondo acerca das posibilidades dun acordo marco, así como elaborar unha batería de propostas susceptibles de acordos a concretar no observatorio.

3) Solución extraxudicial de conflitos. Centrarase nos seguintes obxectivos: seguir co papel proactivo no ofrecemento do AGA para canto conflito colectivo se teña coñecemento; elaborar un rexistro do número de xornadas e horas de folga evitadas polo resultado da intervención positiva do AGA; publicar no mes de febreiro a nova edición do AGA en papel; renovar o listado de mediadores e árbitros no primeiro semestre do ano.

Respecto do AGA de conflitos individuais, actualizarase o texto á normativa actual e configúranse as necesidades orzamentarias e materiais no primeiro semestre do ano, tratándose este tema en todas as permanentes mensuais. Presentarase á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar e á persoa que ostente a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social nunha xuntanza co Pleno a principios do mes de xuño.

4) Fomento do debate social, a través das seguintes actividades:

- Publicacións.
- XXIV edición do Curso Superior de Relacións Laborais, que se clausurará en xullo. Valoración das enquisas na primeira permanente.
- Xornadas: realización de xornadas nas capitais galegas sobre temas de interese laboral. Organizarase tamén unha xornada en colaboración co *Consello Xeral do Poder Xudicial*.
- Seminarios formativos para cadros empresariais e sindicais: realizarase os días 5 e 6 de xuño sobre formación en igualdade na negociación colectiva.
- Celebración dun encontro galego de relacións laborais.

ORDINARIO: 29 DE ABRIL DE 2014 (2/2014)

- Aprobación, se procede, da acta anterior 1/2014.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aprobación da memoria de actividades do Consello do ano 2013.
- Aprobación do anteproxecto de orzamento do Consello para o ano 2014.

ORDINARIO: 29 DE SETEMBRO DE 2014 (3/2014)

- Aprobación, se procede, da acta anterior 2/2014.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Toma en consideración do informe sobre a actividade sociolaboral en 2013.
- Constitución dunha comisión de traballo para a designación de árbitros.
- Rogos, preguntas e propostas.

ORDINARIO: 17 DE DECEMBRO DE 2014 (4/2014)

- Aprobación, se procede, da acta 3/2014.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Informe das actividades desenvolvidas ao longo de 2014.
- Rogos, preguntas e propostas.

O presidente presenta ao Pleno o balance xeral de actividades do Consello en 2014 e informa sobre a actividade do Consello:

Ditames: dáse conta de 39 ditames a outros tantos proxectos normativos, fronte aos 52 ditames do ano 2013 ou os 24 do ano 2012. Agás un, todos se emitiron dentro do prazo legal. Publicouse e distribuíuse no mes de febreiro a recompilación dos ditames do ano 2013. Solicitouse en marzo á Dirección Xeral de Formación e á Dirección Xeral de Traballo que as normas se remitisen cunha certa orde e na versión definitiva e que, na medida do posible, se xustifique a non aceptación das consideracións unánimes, por canto nos sorprendía que non se fixera máis caso do 74% de consideracións unánimes.

AGA: O número de expedientes que se tramitaron ao abeiro do AGA é de 104, fronte aos 94 do pasado ano e os 25 do ano 2001. Houbo tres factores determinantes deste incremento: por unha banda hai un ofrecemento proactivo de practicamente canto conflito se ten noticia; en segundo lugar, cada vez é mais coñecido o procedemento; e por último, a normativa laboral remite ao AGA en máis supostos. Publicouse e difundíuse no primeiro semestre do ano o novo texto do AGA.

Negociación colectiva:

- Prestouse apoio técnico a todos cantos convenios colectivos e mesas negociadoras demandaron a asistencia do Consello.
- Dirixiuse escrito en xaneiro á Dirección Xeral de Traballo lembrándolle a necesidade de que se se creaba a Comisión Autonómica de Convenios Colectivos, esta tivera a súa sede no Consello. Ditaminouse a norma que a creaba en outubro de 2014 sen que se teña noticias ao respecto.
- Mantivéronse dúas xuntanzas coa Dirección Xeral de Traballo para analizar a problemática do rexistro de convenios colectivos no programa Regcon. A raíz das xuntanzas, remitíronse suxestións a un documento presentado. Os criterios enviados pola dirección xeral difundíronse entre as confederacións, federacións e unións comarcais.
- Púxose na páxina web a posibilidade do servizo de tradución ao galego dos convenios colectivos.

- Explotáronse os datos das **inaplicacións** de convenios colectivos por sectores, tamaño das empresas, etc, con 3 entregas.
- Traballáronse nos dous semestres os datos da **ultraactividade** dos convenios colectivos e vaise reiterar o ofrecemento dos servizos do Consello en 5 convenios extintos ou que se extinguen a 31 de decembro de 2015.
- Elaborouse a publicación das **67 dúbidas** máis frecuentes da negociación colectiva, que se fará en papel no mes de xaneiro para distribuír nas organizacións.
- Elaboráronse **cláusulas tipo**, que se colgaron na páxina web sobre materias como ultraactividade, comisión paritaria, tratamento de persoas con discapacidade, e están pendentes de análise as de medio ambiente e distribución irregular da xornada e sobre criterios para a elaboración dun código de conduta.
- Xunto cos criterios para o rexistro de convenios, ofreceuse o servizo de revisión da legalidade do texto dos convenios.
- Fixéronse 73 trámites de rexistro no Regcon de convenios, revisións, calendarios, etc., por delegación das comisionadas negociadoras, con resultado desigual e innumerables xestións moi custosas en tempo e esforzos para desbloquear convenios que estaban parados.
- Entregáronse e difundíronse 4 boletíns e fixéronse 11 entregas periódicas de datos de negociación colectiva.
- Pola súa parte, a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Múleres e Homes na Negociación Colectiva acordou un seminario formativo e unha xornada, fixo un estudo comparativo dos informes da unidade administrativa sobre impacto de xénero, deu traslado dos informes da unidade administrativa a 131 empresas (39 na Coruña, 14 en Lugo, 7 en Ourense e 71 en Pontevedra e a 49 sectores (16, 5, 4 e 24 respectivamente), adver-

tindo das deficiencias e suxerindo que se corrixa nos seguintes convenios.

- Tivemos 40 consultas por escrito respecto de convenios colectivos aplicables.

Fomento do debate social:

- Realizáronse 8 xornadas con 880 asistentes en total e un seminario con 31 asistentes; entre xaneiro e xuño desenvolveuse o curso de relacións laborais, con 39 asistentes.
- Respecto das publicacións, publicouse e distribuíuse a recompilación de ditames en CD-ROM; a memoria de actividades 2013; os boletíns trimestrais de negociación colectiva, e actualmente en trámite as 67 dúbidas.

Outros:

- Solicitouse un ditame ao Consello Consultivo, que foi emitido en xuño, sobre a necesidade de modificar a lei do consello

para dar cabida á CSIF. En xullo o TSXG desestimou a medida cautelar pedida pola CSIF de incorporarse ao Consello.

- Houbo un encontro na sede do Consello os días 19 e 20 de xuño coas persoas titulares da presidencia e secretaría dos consellos de Andalucía, País Vasco e Cataluña.
- Respecto das novas tecnoloxías, tivemos 100.273 visitas á páxina do consello en materia de convenios colectivos; 21.087 aos ditames; 23.250 ás novas; 1.374 á normativa; 1.058 ás organizacións; 527 ás recomendacións da negociación colectiva, 1.786 á carta do presidente, 2.097 aos boletíns de negociación colectiva e 716 accederon a rexistrar os convenios a través da web do consello. Xa estamos como “Consejo Gallego de Relaciones Laborales” na Wikipedia e antes de que remate o ano estaremos en Galipedia. Faremos o mesmo co AGA.

Permanentes

ORDINARIA: 17 DE XANEIRO DE 2014

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Planificación de actividades de 2014.

ORDINARIA: 7 DE FEBREIRO DE 2014

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aspectos da planificación de actividades.

ORDINARIA: 6 DE MARZO DE 2014

- Comisión Galega de Convenios Colectivos.
- Análise da carta á Xunta de Galicia.
- Análise da solicitude da Dirección Xeral de Traballo e fixación de pautas de actuación.
- Análise da solicitude remitida pola central sindical CSIF.
- Aspectos pendentes da planificación d actividades de 2014.

ORDINARIA: 9 DE ABRIL DE 2014

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Contestación de orientacións básicas á autoridade laboral respecto do rexistro de convenios.
- Concreción de datas de entrega do informe sociolaboral.
- Aprobación da memoria e contas anuais do ano 2013.
- Fixación de criterios do anteproxecto de orzamento do ano 2015.
- Aspectos pendentes da planificación de actividades.

ORDINARIA: 19 DE MAIO DE 2014

- Información xeral.
- Encontro Galego de Relacións Laborais.

ORDINARIA: 25 DE XUÑO DE 2014

- Información xeral.
- Celebración do Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Situación do Informe da Situación Sociolaboral.
- Indemnizacións ás organizacións 2014.

Xuntanza da Comisión Permanente do Consello**EXTRAORDINARIA: 22 DE XULLO DE 2014**

- Información xeral.
- Aspectos concretos da planificación de actividades para 2014.

ORDINARIA: 8 DE SETEMBRO DE 2014

- Información xeral.
- Posición cara á xuntanza do observatorio o 10 de setembro.

ORDINARIA: 22 DE SETEMBRO DE 2014

- Información xeral.
- Toma en consideración do informe sobre a situación sociolaboral e da proposta de conclusións do equipo autor.

EXTRAORDINARIA: 29 DE OUTUBRO DE 2014

- Elaboración do informe sobre a situación sociolaboral de Galicia.

ORDINARIA: 24 DE NOVIEMBRE DE 2014

- Punto previo: Comparecencia da directora xeral de Traballo e Economía Social.
- Información xeral.
- Aspectos varios da planificación de actividades 2014.

Comisións de traballo

COMISIÓN DE TRABAJO PARA A DESIGNACIÓN DE ÁRBITROS NA COMISIÓN TRIPARTITA GALEGA PARA A INAPLICACIÓN DE CONVENIOS COLECTIVOS

Segundo a súa lei reguladora, o Consello poderá constituír as comisións de traballo que considere necesarias, así como determinar a súa composición.

Integrarán as comisións de traballo as persoas designadas polas organizacións empresariais e sindicais representadas no Consello, en proporción e paridade equivalente á do Pleno, e as súas competencias serán as que este determine antes da súa constitución.

De conformidade co exposto, o Pleno do Consello, na súa xuntanza do día 29 de setembro de 2014, ao abeiro do artigo 11 da Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, acordou a constitución dunha comisión de traballo para a designación de árbitros na Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos.

Fan parte desta comisión as seguintes persoas: José Antonio Neira Cortés e Rafael Serrano Hernández, en representación da CEG; José Domingo Barros Montáns, en representación de UGT-Galicia; Jesús Castro Baamonde, en representación do S.N. de CC.OO. de Galicia e Fernando Acuña Rúa, en representación da CIG, máis o presidente e a secretaria do Consello.

O proxecto de decreto que regula a creación desta comisión, no seu artigo 16, establece o seguinte:

“Artigo 16. *Nomeamento de árbitros.*

1. As persoas que vaian realizar labores de arbitraje terán que estar incluídas nunha

listaxe específica de árbitros adscritos á Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos. Terán que ser persoas de recoñecido prestixio, imparciais, independentes e expertas en materia de relacións laborais.

2. As organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas no ámbito de Galicia, por acordo unánime, comunicarán á dirección xeral con competencias en materia de relacións laborais os nomes das persoas que figuren na listaxe.
3. Se pasados 15 días desde a entrada en vigor deste decreto as organizacións sindicais e empresariais intersectoriais non se puxeran de acordo, a persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de relacións laborais, oídas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia, propondrá a ditas organizacións unha listaxe con nomes de persoas destas características que poidan realizar labores de arbitraje, cos requisitos establecidos no apartado 1 e, se transcorridos outros 15 días, non se acadara un acordo unánime polas organizacións sindicais e empresariais, será a persoa titular da dirección xeral quen realizará os nomeamentos, elixindo as persoas que actuarán como árbitro de entre as que figuren na lista proposta.
4. As persoas elixidas para realizar os labores de arbitraje serán nomeadas, mediante resolución, pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de relacións laborais.
5. O nomeamento destas persoas terá unha validez de tres anos”.

Os días 13 de outubro e 5 de decembro de 2014 reuniuse esta comisión de traballo para


debater o asunto e, finalmente, o 22 de xaneiro de 2015, adóptase o seguinte acordo:

“Reunida a comisión de traballo acorda por unanimidade designar como árbitros na Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos as seguintes persoas:

Álvarez Landesa, Carolina
Cabeza Pereiro, Jaime
Casas de Ron, José María
De Andrés Álvarez, Horacio
De Frutos Madrazo, Rocío
Doménech de Aspe, Carlos
Fernández Pardo, Eva
García Rodríguez, Ana María
González Trigás, Miguel Ángel
Hinrich Álvarez, Álvaro
Pérez Garrido, José Manuel
Sánchez García, Benigno
Vázquez Portomeñe, Xosé

Á data de edición desta memoria de actividades, aínda non foi publicado o citado proxecto de decreto de creación da Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos, aínda que se espera que sexa no primeiro semestre de 2015.

Emisión de ditames



Emisión de ditames

O artigo 1 da lei reguladora do Consello configura a este como órgano consultivo e asesor da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias relativas a súa política laboral.

Neste aspecto, unha das funcións máis salientables do Consello é a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral. Esta función lé-

vaa a cabo o Comité delegado do Pleno para a emisión de ditames, que a normativa configura como un órgano colexiado dotado de normas de funcionamento interno, que veñen recollidas no anexo do regulamento interno do organismo.

En 2014 emitíronse 39 ditames que se relacionan de xeito resumido a continuación. Todos eles recóllense integramente na páxina web do Consello.

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
1/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.	5 de febreiro	11 de xuño
2/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2014.	12 de febreiro	18 de marzo
3/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á formación e contratación -programa FORCON-, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.	12 de febreiro	26 de xuño

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
4/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.	17 de febreiro	12 de xuño
5/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.	17 de febreiro	25 de xuño
6/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de decembro de 2013 ata o 30 de xuño de 2015, dentro do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego.	19 de febreiro	21 de abril
7/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de ase tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.	19 de febreiro	17 de xuño
8/2014	Proxecto de orde pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2014.	20 de febreiro	21 de abril
9/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014.	24 de febreiro	12 de xuño

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
10/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.	24 de febreiro	8 de xullo
11/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2014.	26 de febreiro	25 de xuño
12/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas xoves que realizan prácticas non laborais en empresas.	28 de febreiro	28 de abril
13/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio e se procede á convocatoria para o ano 2014.	3 de marzo	9 de maio
14/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2014.	3 de marzo	20 de maio
15/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo FSE, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.	5 de marzo	27 de maio

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
16/2014	Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.	10 de marzo	23 de xuño
- **Expediente AGA 98/14: Mediación** promovida na empresa **Clece, SA (servizo de limpeza da USC Campus de Santiago de Compostela)**, por parte das centrais sindicais UGT, CC.OO., CIG e CUT, polas discrepancias xurdidas en materia de, entre outras, xornada, mobilidade, cobertura de IT/ausencias, concesión de días de asuntos propios. O procedemento rematou co **rexeitamento** da parte empresarial a participar.
- **Expediente AGA 99/14: Mediación** solicitada polo comité de empresa de **Aluminio Español, SA-Alúmina Española, SA (Alcoa)**, derivada das discrepancias relativas ao recoñecemento do dereito do comité de obter copia do contrato de comedor. O procedemento rematou co **rexeitamento** da parte empresarial a participar.
- **Expediente AGA 100/14: Mediación** solicitada na empresa **Cobra Servicios Auxiliares, SA**, por parte da CIG, motivada nas discrepancias relativas ao convenio colectivo de aplicación aos traballadores que prestan servizos na empresa. O procedemento rematou co **rexeitamento** da parte empresarial a participar.
- **Expediente AGA 101/14: Mediación** promovida na empresa **Babcock Kommunal MBH Y Técnicas Mediambientales Temmed, SA-UTE (Albada)**, pola CIG, e derivado das diferenzas de interpretación de determinados artigos do convenio colectivo. O procedemento rematou co **rexeitamento** da parte empresarial a participar.
- **Expediente AGA 102/14: Mediación** promovida de xeito conxunto na empresa **EAT-COMPOSTELA (Pans & Company centro comercial As Cancelas)**, con motivo da convocatoria dunha folga. A mediadora designada foi Teresa Díaz López. O procedemento rematou con **resultado positivo** unha vez acadado acordo entre as partes.
- **Expediente AGA 103/14: Arbitraje** promovida de xeito conxunto na empresa **Nor Rubber SAL**, derivada das discrepancias en materia de categorías profesionais. O arbitro designado foi José María Casas de Ron. **En tramitación.**
- **Expediente AGA 104/14: Mediación** promovida na empresa **Alcoa Inespal Coruña, SL**, polo comité de empresa, ao efecto de proceder á constitución da comisión negociadora regulada no R.D. 1483/2012, de 29 de outubro. O procedemento rematou co **rexeitamento** da parte empresarial a participar.
- **Expediente AGA 105/14: Mediación** promovida na empresa **Polipropileno de Galicia, SAU (Poligal)**, polo comité de empresa, derivado dos incumprimentos e cambios substanciais nas condicións de traballo. O procedemento rematou co **rexeitamento** da parte empresarial a participar.

Incremento do número de expedientes xestionados ao abeiro do AGA

O número de expedientes de mediación e arbitraje xestionados en 2014 ascendeu a 105, polo que medra arredor do 11% respecto ao 2013. Houbo un papel moi proactivo por parte do Consello de ofrecemento do AGA. Cada vez son máis coñecidos os procedementos de mediación e arbitraje que xestiona o Consello ao abeiro do AGA e tamén aumentan as remisións que a normativa laboral fai aos procedementos de solución autónoma de conflitos de traballo. En 2014 hai 17 expedientes relacionados con aspectos da reforma laboral, como substitución de períodos de consultas, inaplicacións de convenios e promoción de negociación de convenios de empresas.

As enquisas, respondidas de xeito anónimo, seguen valorando o sistema de solución autónoma de conflitos laborais moi positivamente e a porcentaxe de acordos é certamente alto.

Publicouse e difundíuse no primeiro semestre do ano a publicación do novo texto do AGA.

O papel do Consello na negociación colectiva

ESTRUTURA DA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA
EN GALICIA

PARTICIPACIÓN
DO CONSELLO NA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA

ÓRGANOS DA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Estrutura da negociación colectiva en Galicia

Dando cumprimento ao mandato da lei reguladora, o Consello Galego de Relacións Laborais centrou unha gran parte da súa actividade na análise dos convenios colectivos vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área de estudos de negociación colectiva do Consello realizou ao longo de todo o ano un seguimento puntual dos convenios asinados e revisados en 2014, así como dos que tiveron efectos económicos nese ano. Ademais de atender ás solicitudes de información e múltiples consultas que en materia de negociación colectiva se dirixen ao Consello, consultas que se incrementaron considerablemente a raíz da posta en marcha da páxina web, continuouse co tratamento en profundidade da base de datos de negociación colectiva (Necol), e fixéronse os seguintes informes detallados sobre a materia:

- “Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2014 / 31.12.2014”. Este informe está aínda en proceso de elaboración e contén unha análise do acontecido na negociación colectiva en Galicia no ano 2014.
- “Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2013 / 31.12.2013”.
- Continuación do estudo sobre o número de persoas traballadoras afectadas por convenios colectivos de sector en Galicia coa adaptación á CNAE 2009.

- Ademais, ao longo do ano, elaboráronse informes puntuais para informar ao Pleno e á Comisión Permanente da situación da negociación colectiva galega.

No ámbito da **ultraactividade dos convenios colectivos**, o Consello fixo un completo seguimento dos convenios colectivos con vixencia rematada e facilitou datos e información en todas as variables vinculadas coa ultraactividade. Toda canta información saíu sobre esta materia partiu dos datos do Consello, ben tratados e ben enfocados de momento en canto a pactos en contra e interpretación da norma.

Explotáronse os datos das **inaplicacións** rexistradas de convenios colectivos por sectores, por convenio do que se desvinculan, polo tamaño das empresas, pola composición da mesa negociadora, etc, que se recolleron en senllos informes entregados ao longo de 2014 ás organizacións que fan parte do Consello. No último, figura que hai 180 inaplicacións rexistradas a novembro de 2014, que afectaron a 2 618 persoas traballadoras.

Continuouse coa publicación trimestral do Boletín do Observatorio Galego da Negociación Colectiva, no que se analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva e do que se realizaron catro números neste ano 2014. O dito boletín, ao igual que os informes sobre a situación da negociación colectiva en

Galicia, poden consultarse na páxina web do organismo: <http://cgri.xunta.es>

En canto á estrutura da negociación colectiva en Galicia, a data 30 de novembro de 2014, existen 892 convenios colectivos que afectan a 426.690 persoas traballadoras. O total de convenios colectivos asinados foi de 125, dos que 112 son de empresa e 13 de sector e dos 15 convenios colectivos revisados, 12 foron de empresa e 3 de sector. O total de persoas traballadoras afectadas polos convenios asinados

e revisados foi de 48.826. A media ponderada do incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados foi do 0,47%, fronte ao 0,63 no mesmo período do 2013. A media ponderada da xornada pactada segue moi alta e sitúase en 1.769,89 horas/ano. Un 9,60% dos convenios colectivos asinados e un 40% dos revisados teñen cláusula de revisión salarial. Finalmente, o número de convenios colectivos negociados por primeira vez en 2014 é de 32, que afectan a 908 persoas traballadoras.

Participación do Consello na negociación colectiva

MESAS NEGOCIADORAS E COMISIÓNS PARITARIAS

O artigo 3.2.c) da Lei 5/2008, do 12 de xullo, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, establece como funcións deste, entre outras, a de fomentar e ampliar a negociación colectiva, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva, consagrado no artigo 37.1º da Constitución, e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

O Consello, consciente da necesidade de impulsar a negociación colectiva en todos os ámbitos en que as partes interesadas o dese-

xen e, moi especialmente, en sectores desregularizados, potenciou, asesorou e prestou asistencia técnica a cantas comisións negociadoras e comisións paritarias o solicitaron. A **presenza do Consello en mesas de negociación** foi alta, mesmo moi alta. Houbo 88 xuntanzas negociadoras de convenios nas nosas instalacións, tamén coa asistencia de persoal do Consello.

No exercicio desta función de asistencia, o Consello apoiou tecnicamente o desenvolvemento da negociación colectiva nas mesas de negociación e comisións paritarias de diferentes convenios colectivos autonómicos que o solicitaron.

Xuntanza da comisión paritaria de hostalaría da provincia da Coruña





Xuntanza da comisión negociadora do convenio de actores e actrices de Galicia

Prestouse apoio técnico, sinaladamente, nas xuntanzas de comisións negociadoras ou de comisións paritarias dos seguintes convenios: 3 xuntanzas do convenio de bombeiros de xestión privada para constituír a mesa negociadora; 3 xuntanzas da comisión paritaria de residencias privadas; 12 reunións da mesa negociadora do convenio de actores e actrices de teatro; 4 da paritaria de instalacións deportivas; 5 de pompas fúnebres; 5 de Autos Carballo; 15 do convenio de Natutecnia; 2 de hostalería da Coruña; 2 da paritaria de ambulancias; 1 de correos e telégrafos; 10 da comisión negociadora do convenio de eventos culturais; 2 de seguridade privada para convenio autonómico; 6 do convenio de bingos; PDI das tres universidades galegas 1; varias xuntanzas da parte empresarial e sindical con conflitos laborais con independencia do AGA: 4 da empresa Urbaser e 6 da empresa Lantero e Hijos; 1 xuntanza en Clece servizos aeroportuarios para finalización de convenio; 1 xuntanza do sector do moble de Ourense para constituír a mesa negociadora e 3 do sector de aserradoiros e construción para ver a posibilidade de asinar un convenio autonómico; En total, 88 xuntanzas, na última, o día 30 de decembro, asinouse o convenio autonómico de eventos e producións culturais.

Así mesmo, resolvéronse corenta e nove consultas formuladas por escrito e deuse resposta telefónica a centenaes de dúbidas, sobre todo relacionadas co tema da ultraactividade.

REXISTRO TELEMÁTICO DE CONVENIOS COLECTIVOS (REGCON)

Ao longo de 2014 mantivéronse dúas xuntanzas, o 29 de xullo e o 10 de setembro, coa Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para analizar a problemática do rexistro telemático de convenios colectivos ao abeiro do programa Regcon. Logo de comunicarlle por escrito os problemas que se estaban detectando para o rexistro, solicitaron que o Consello elaborase unha proposta cunha serie de parámetros globais. A raíz das xuntanzas, remitíronse varias suxestións a un documento presentado pola dirección xeral que recollía os criterios para o rexistro no Regcon. O dito documento, que é unha guía de criterios, remitiuse ás catro xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e a dirección xeral distribuíunas entre as confederacións, federacións e unións comarcais.

No ano 2014, no Regcon fixéronse os trámites de rexistro telemático de 82 acordos: 35 convenios colectivos, 2 revisións salariais, 6 inaplicacións de convenios, 9 modificacións de convenios, 4 laudos arbitrais, 2 acordos de comisión paritaria, 3 denuncias, 4 acordos de empresa para o seu depósito, 1 acordo de mediación, 1 acordo de garantía salarial, 1 acordo de funcionarios públicos e 14 revisións salariais automáticas, todo isto por delegación dos suxeitos lexitimados para levar a cabo a solicitude de rexistro, depósito e publicación de convenios.

Órganos da negociación colectiva

OBSERVATORIO GALEGO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

A intervención do Consello no día a día da negociación colectiva galega incrementouse no-

tablemente durante este ano 2014. As organizacións sindicais e empresarial que integran o Observatorio Galego da Negociación Colectiva consideran que o instrumento esencial para autotregular as condicións de traballo que teñen



Xuntanza do Observatorio Galego de Negociación Colectiva

as empresas e as persoas traballadoras é a negociación colectiva, polo que a tarefa da súa promoción e impulso, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva, centra o traballo deste órgano colexiado.

Estamos a vivir tempos de cambios normativos no eido das relacións laborais e da negociación colectiva. Nos últimos tres anos sucedéronse a un ritmo frenético reformas laborais e de Seguridade Social, as de maior calado coa Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, que modifican substancialmente o modelo existente de negociación colectiva. Os cambios introducidos por estas reformas e a gravidade da crise económica actual fan máis necesario que nunca o traballo do observatorio. A título de exemplo, a regulación da inaplicación na empresa dos convenios colectivos aplicables ou mesmo a arbitrase obrigatoria, que pode parecer incompatible coa efectividade do dereito á negociación colectiva.

Durante o ano 2014 este órgano colexiado reuniuse en once ocasións. Nestas xuntanzas foron desenvolvéndose as seguintes liñas de actuación:

- Dirixiuse escrito en xaneiro á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para recordarlle a necesidade de que se se cree a **Comisión Tripartita Galega para a inaplicación de convenios colectivos**, esta tivera a súa sede no Consello. Ditaminouse a norma da creación do órgano polo Comité de Ditames en data 01/10/2014, sen que se teña coñecemento da súa publicación oficial ata o momento da edición desta memoria. Ao mesmo tempo, co obxecto de non retrasar o seu funcionamento cando a norma entre en vigor, constituíuse unha comisión de

traballo para a designación do colectivo de árbitros que terán que intervir, de ser o caso, no seo da devandita comisión tripartita.

- Emitiuse, por primeira vez, na reunión celebrada o 20 de febreiro de 2014, un ditame do Observatorio da Negociación Cole565ctiva, sobre a consulta formulada sobre o convenio colectivo aplicable a unha empresa de reparación de calzado, na que se acorda informar que lle resultaría de aplicación o convenio colectivo da industria do calzado. Ao longo de 2014, o observatorio tivo **40 consultas por escrito respecto de convenios colectivos aplicables**.
- O presidente presenta os estudos realizados no Consello sobre os convenios colectivos que perden vixencia no ano 2014 e se clasifican en función do momento en que perde vixencia cada convenio.
- Entrégase así mesmo unha listaxe coas **inaplicacións rexistradas** en cada unha das catro provincias galegas e a nivel de comunidade autónoma en 2013.
- Remítese ao profesor de Dereito do Traballo da USC, José M^a Miranda, para o seu estudo, o documento aprobado no observatorio sobre as 67 preguntas máis frecuentes na negociación colectiva.
- Mantivéronse dúas xuntanzas o 29 de xullo e o 10 de setembro coa Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para analizar a **problemática do rexistro de convenios** colectivos no programa Regcon. A raíz das xuntanzas, remitíronse suxestións do observatorio a un documento presentado e, posteriormente, a dirección xeral elaborou un documento cos criterios comúns para o depósito, rexistro e publicación dos convenios colectivos, que foi remitido ao Consello e difundido entre as organizacións sindicais e empresariais, confederacións, federacións e unións comarcais.
- Púxose na páxina web a posibilidade do **servizo de tradución** ao galego dos convenios colectivos.

- Explotáronse os datos das inaplicacións rexistradas de convenios colectivos por sectores, por convenio do que se desvinculan, polo tamaño das empresas, pola composición da mesa negociadora, etc, que se recolleron en senllos informes entregados ao longo de 2014 ás organizacións que fan parte do Consello. No último informe presentado no observatorio figura que hai **180 inaplicacións rexistradas a novembro de 2014**, que afectaron a 2.618 persoas traballadoras.
- Traballáronse nos dous semestres de 2014 os datos da **ultraactividade** dos convenios colectivos. O Consello fixo un completo seguimento dos convenios colectivos con vixencia rematada e facilitou datos e información en todas as variables vinculadas coa ultraactividade.
- Elaborouse a publicación das **67 dúbidas mais frecuentes da negociación colectiva**, que se fará en formato escrito no mes de febreiro de 2015 e se distribuirá entre as organizacións sindicais e empresariais.
- Elaboráronse **cláusulas tipo**, que se poden consultar na páxina web do Consello, sobre materias como ultraactividade, comisión paritaria e tratamento de persoas con discapacidade. Aínda están pendentes de análise as cláusulas sobre medio ambiente, distribución irregular da xornada e sobre criterios para a elaboración dun código de conduta.
- Xunto cos criterios para o rexistro de convenios, ofreceuse o servizo de revisión da legalidade do texto dos convenios.
- Fixéronse **73 trámites de rexistro no Regcon** de convenios, revisións, calendarios, etc por delegación das comisionados negociadoras, (con moitísimos segundos e terceiros trámites) con resultado desigual e innumerables xestións moi custosas en tempo e esforzos para desbloquear convenios que estaban parados.
- Entregáronse e difundíronse **catro boletíns sobre a situación da negociación**

colectiva en Galicia e fixéronse once entregas periódicas de datos de negociación colectiva.

Finalmente, en 2014 aprobáronse as seguintes **RECOMENDACIÓNS** para a súa difusión entre as mesas negociadoras:

Modelos de tratamento da ultraactividade nos convenios colectivos

A ultraactividade ou mantemento da vixencia do convenio colectivo máis aló da vixencia inicialmente pactada no propio convenio é materia de libre disposición por parte dos negociadores. A continuación refírense distintas posibilidades respecto do tratamento da ultraactividade no seo dun convenio colectivo:

1. Convenio colectivo que quere manter ultraactividade indefinida da totalidade do convenio ata a sinatura dun novo acordo: Se a vontade das partes negociadoras é manter a ultraactividade ata a sinatura dun novo convenio, poderá introducirse no texto do convenio unha cláusula do seguinte teor literal: “Transcorrido un ano desde a denuncia deste convenio sen que se acordara un novo convenio ou ditara un laudo arbitral, o presente convenio continuará vixente na súa totalidade, tanto no seu contido normativo como no obrigacional, ata que sexa substituído por outro”.
2. Convenio colectivo que quere manter ultraactividade indefinida de parte do seu contido ata a sinatura dun novo acordo: Se a vontade das partes negociadoras é manter a ultraactividade ata a sinatura dun novo convenio, poderá introducirse no texto do convenio unha cláusula do seguinte teor literal: “Transcorrido un ano desde a denuncia deste convenio sen que se acordara un novo convenio ou ditara un laudo arbitral, o presente convenio continuará vixente nas materias x, x e x, ata que sexa substituído por outro, non así no resto das materias, que perderán vixencia nos termos establecidos no artigo 86 do Estatuto dos traballadores”.

3. Convenio colectivo que quere establecer un prazo de ultraactividade concreto para todo o seu contido: Ao tratarse dunha materia dispositiva para as partes negociadoras, pódese acordar unha ultraactividade do convenio colectivo distinta da prevista legalmente. As partes negociadoras poderían empregar unha cláusula do seguinte teor literal: “Todo o establecido neste convenio colectivo prorrogarase de ano en ano se non mediase denuncia expresa das partes. Sen prexuízo do anterior, a vixencia deste unha vez denunciado e concluída a duración pactada, estenderase o seu contido normativo e obrigacional durante X meses/anos, mentres non sexa substituído por outro convenio colectivo do mesmo ámbito de aplicación”.
4. Convenio colectivo que quere establecer un prazo de ultraactividade concreto para parte do seu contido: Ao tratarse dunha materia dispositiva para as partes negociadoras, pódese acordar unha ultraactividade do convenio colectivo distinta da prevista legalmente. As partes negociadoras poderían empregar unha cláusula do seguinte teor literal: “Este convenio colectivo prorrogarase de ano en ano se non mediase denuncia expresa das partes. Sen prexuízo do anterior, a vixencia deste unha vez denunciado e concluída a duración pactada, estenderase nas materias x, x e x durante X meses/anos, salvo que sexa substituído antes por outro convenio colectivo do mesmo ámbito de aplicación, non así no resto das materias, que perderán vixencia nos termos establecidos no artigo 86 do Estatuto dos traballadores”.
5. Convenio colectivo que non quere dispoñer expresamente sobre a súa ultraactividade: Neste suposto, non é preciso recoller ningunha cláusula expresa no convenio colectivo. Será de aplicación o disposto no artigo 86.3 do Estatuto dos traballadores e o convenio colectivo perderá a súa vixencia unha vez transcorrido un ano desde que sexa denunciado e finalice a vixencia inicialmente pactada.

6. Convenio colectivo que establece expresamente que non hai ultraactividade: Ao tratarse dunha materia dispositiva, pode pactarse a inexistencia de ultraactividade algunha. As partes negociadoras poderían empregar unha cláusula do seguinte teor literal: “O presente convenio colectivo, unha vez denunciado, perderá a súa vixencia con carácter inmediato ao remate do seu ámbito temporal expreso, ou no momento da denuncia de ser esta posterior a ese ámbito temporal”.

Con carácter complementario dos seis supostos anteriores cabe a posibilidade de que as partes negociadoras contemplan xa no convenio o recurso aos sistemas de solución extraxudicial de conflitos con carácter previo ao fin da ultraactividade do convenio colectivo. Poderíase empregar unha cláusula do seguinte teor literal: “Transcorridos X meses desde a denuncia do convenio colectivo sen que se chegara a un acordo que o substitúa, as partes someteranse a unha mediación nos termos previstos no Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA)”.

Cláusula tipo sobre comisión paritaria

“Sendo contido mínimo dos convenios colectivos estatutarios de acordo co artigo 85 do Estatuto dos traballadores: “a designación dunha comisión paritaria da representación das partes negociadoras para entender daquelas cuestións establecidas na lei e de cantas outras lle sexan atribuídas, así como o establecemento dos procedementos e prazos de actuación desta comisión, incluído o sometemento das discrepancias producidas no seu seo aos sistemas non xudiciais de resolución de conflitos establecidos mediante os acordos interprofesionais de ámbito estatal ou autonómico previstos no artigo 83”, e aos efectos de facilitar os trámites de superación do control de legalidade e rexistro dos convenios colectivos, o Observatorio da Negociación Colectiva do Consello Galego de Relacións Laborais propón, como posible redacción tipo dun artigo sobre a comisión paritaria do convenio colectivo, susceptible de ser modificada ou adaptada nas distintas mesas de negociación, a seguinte:

Artigo X: Comisión paritaria.

- 1) No prazo de x meses desde a sinatura deste convenio, constituirase a comisión paritaria, formada polas organizacións empresariais/ representación legal da empresa e organizacións sindicais asinantes do convenio/representación legal das persoas traballadoras, que estará formada por X vogais, como máximo, por cada parte. As partes poderán vir acompañadas por persoas asesoras nun número máximo de x por cada unha delas, e para cada reunión, elixirán de entre os seus membros unha persoa que modere os debates.
- 2) As funcións da comisión paritaria serán as seguintes:
 - a) Interpretación do convenio.
 - b) Aplicación e desenvolvemento das normas do convenio.
 - c) Control e vixilancia do establecido no convenio colectivo.
 - d) Conciliación preceptiva en conflitos que proveñan da interpretación do presente convenio colectivo.
 - e) Velar para que non se produzan situacións de discriminación e impulsar a realización de medidas directas de acción positiva.
 - f) Todas aquelas cuestións referentes ao sector/empresa, (segundo o ámbito do convenio), que de mutuo acordo, lle sexan sometidas polas partes.
 - g) Resolución de discrepancias no período de consultas para a inaplicación de condicións laborais recollidas neste convenio colectivo, cando así o solicite unha das partes.
 - h) Negociar durante a vixencia do convenio a súa revisión, suposto no que se convocará á comisión aos suxeitos lexitimados para negociar conforme os artigos 87 e 88 do Estatuto dos

traballadores, aínda que non foran asinantes do convenio.

- i) Cantas outras actividades tendan á eficacia práctica do convenio.

- 3) A comisión paritaria será convocada por calquera das partes, abondando para iso unha comunicación escrita na que se expresen os puntos a tratar na orde do día, así como unha proposta de data, lugar e hora para a celebración da reunión, que deberá contestar a outra parte nun prazo non superior a tres días. A reunión da comisión paritaria deberase celebrar no prazo improrrogable de sete días dende a recepción da comunicación desta pola outra parte.

- 4) A comisión paritaria resolverá as cuestións sometidas a esta nun prazo non superior a X días, salvo acordo de todas as partes, prorrogando o devandito prazo.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos presentes de cada unha das partes que forman a comisión, e para ser válidos, a comisión terá que estar composta por un mínimo de x membros.

Para a resolución das discrepancias que se poidan producir no seo da comisión paritaria no caso de inaplicación de condicións laborais recollidas no convenio colectivo, acudira-se ao procedemento establecido no Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).

No caso de que se lle someta unha discrepancia durante o período de consultas para a inaplicación de condicións laborais recollidas neste convenio colectivo, o prazo máximo de actuación da comisión será de sete días”.

Recomendación para o tratamento da discapacidade na negociación colectiva

A negociación colectiva constitúe un dos elementos esenciais na configuración dunhas relación laborais modernas e en constante adaptación. Entre outras cuestións a negociación colectiva constitúe un cerne na autorregulación

das condicións que inciden na relación entre empresas e persoas traballadoras, na competitividade das empresas, na organización do traballo e no establecemento dun marco equitativo para o desenvolvemento das condicións de traballo.

O colectivo de persoas con discapacidade amosa unha entidade de seu no conxunto do mercado laboral, tendo en conta que segundo o censo de persoas con discapacidade hai na nosa comunidade autónoma mais de 108.700 persoas menores de 65 anos que presentan algún tipo de discapacidade. Constitúe, xa que logo, unha realidade con incidencia no desenvolvemento cotiá das relacións laborais en Galicia que non é en nada allea á regulación legal e convencional que poida existir na materia. O acceso das persoas con discapacidade ao mercado laboral verase favorecido si as condicións laborais que resultan da negociación colectiva se conciben en clave de inclusión e atención á diversidade que supón a discapacidade, integrando estas variables de xeito transversal no contido dos convenios colectivos

Existen, na actualidade liñas de axudas para a integración e mantemento de postos de traballo para persoas con discapacidade que se atopan recollidas na páxina web do Consello <http://cgri.xunta.es>. A negociación colectiva non pode permanecer allea á necesidade de facilitar medidas de acción positiva que propicien a integración no mercado laboral deste colectivo.

Correspóndelle ao Consello fomentar e ampliar a negociación colectiva galega, respectando a autonomía das distintas mesas e espazos de negociación colectiva. De acordo con esta función fórmulanse as seguintes RECOMENDACIÓNS:

- 1º Os convenios colectivos deberían revisar a linguaxe empregada para evitar o emprego de expresións incorrectas ou que poidan ferir sensibilidades, propoñéndose o emprego da expresión persoas con discapacidade para referirse a este colectivo.
- 2º Resulta conveniente recoller no contido dos convenios colectivos chamadas específicas a favor da igualdade de trato e non discriminación por razón de discapacida-

de, que complementen as mencións xenéricas á non discriminación en xeral que deben rexer en toda relación laboral.

- 3º Pódese e resulta axeitado incluír nos convenios colectivos cláusulas relativas á adaptación de postos de traballo en caso de incapacidade sobrevida non inhabilitante, e de eliminación de barreiras para acceso aos postos de traballo que poidan ser ocupados por persoas con mobilidade reducida.
- 4º Na negociación colectiva sectorial recoméndase lembrar a obriga de reserva dunha porcentaxe de postos de traballo no caso de empresas de máis de 50 traballadores a persoas con discapacidade. A porcentaxe mínima que se establece no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e demais normativa de desenvolvemento é do 2% sen prexuízo da posibilidade de incrementar esta porcentaxe por convenio colectivo, ou ben de maneira excepcional, aplicar as medidas alternativas previstas nesta normativa.
- 5º Recoméndase fomentar na negociación colectiva a formación de persoas con discapacidade, tanto sobrevida como preexistente, aos efectos de incrementar as posibilidades de integración no mercado laboral e de promoción profesional nas propias empresas.

O Consello Galego de Relacións Laborais pon a disposición das mesas negociadoras de convenios colectivos o asesoramento e asistencia técnica do seu persoal aos efectos de mellorar o tratamento do colectivo de persoas con discapacidade na negociación colectiva galega, tanto no que atinxe á redacción do texto do convenio como na información acerca de cláusulas que se están empregando en convenios colectivos dos que se ten coñecemento neste organismo."

COMISIÓN CONSULTIVA AUTONÓMICA PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no seu título III, promove a igualdade no eido da negociación colectiva e das relacións de traballo colectivas, para o que crea a Comisión Consultiva Autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na Negociación Colectiva. Trátase dun órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade, adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Ao longo do ano 2014 a comisión reuniuse en seis ocasións, baixo a presidencia da secretaria xeral do Consello, Marisa Peña Cebreiro. Asistiu ás xuntanzas, como secretaria, a funcionaria do Consello Tina Campo Fernández e a xefa da Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo e Benestar, María Elisa Fernández Pampillón, para tratar os temas relacionados coa unidade.

Xuntanza do 22 de xaneiro. Nesta primeira xuntanza, a presidenta da comisión presenta a proposta de planificación das actividades para o ano 2014:

- Elaboración dunha cláusula- tipo en materia de igualdade.
- Realización dalgunha xornada en materia de igualdade na Universidade de Santiago de Compostela (USC), para formar en igualdade á xuventude e, ao mesmo tempo, difundir o traballo da Comisión no mundo universitario.
- Realización dun seminario ou obradoiro formativo en igualdade de xénero, que iría dirixido ás persoas negociadoras de convenios colectivos e de plans de igualdade e no que poderían participar tanto asesores sindicais como empresariais.
- Elaboración dunha guía de recomendacións para a elaboración de plans de igualdade.

Xuntanza do 26 de febreiro. Preséntase o estudo, elaborado polo persoal do Consello, sobre as axudas vixentes para plans de igualdade que existen noutras comunidades autónomas. Proponse tamén traballar nun documento que recolla preguntas e respostas sobre todos os problemas que presentan os plans de igualdade, co obxectivo de incluílas no programa do seminario formativo e, posteriormente, trala aprobación da comisión, completar con elas a Guía de boas prácticas en materia de igualdade. Apróbase a realización para o 23 de abril da

Xuntanza da Comisión Igualdade



xornada na USC, que terá lugar na Facultade de Dereito, cunha primeira mesa de debate na que as expertas da comisión falarán de igualdade de xénero e unha segunda a cargo da representación das organizacións sindicais e empresarial sobre a igualdade na negociación colectiva. Acórdase, finalmente, que se traballará na análise dos informes sobre convenios colectivos remitidos pola Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo e Benestar, co obxecto de facer unha recomendación que se enviará ás mesas negociadoras para que se mellore a redacción dos convenios colectivos desde a perspectiva de xénero.

Xuntanza do 10 de abril. Fíxase a data para o seminario formativo dirixido a cadros sindicais e empresariais que será os días 5 e 6 de xuño. Acórdase que nel se aborden os escollos que se presentan na negociación dos plans de igualdade e que non se esqueza a fase de diagnose. O seminario debe ser moi práctico e o perfil das persoas asistentes preferentemente de negociadoras de convenios. Abórdase tamén a posibilidade de localizar e traducir ao galego algún dos cursos *on line* da Escola Virtual de Igualdade, do Instituto da Muller do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdade ou de propoñer á Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia a organización dalgún curso formativo en Galicia destinado exclusivamente a cadros sindicais e empresariais.

Xuntanza do 15 de maio. Preséntase unha análise desde unha perspectiva de xénero sobre os informes de convenios colectivos rexistrados en 2013 remitidos pola Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo e Benestar. A comisión adopta os seguintes acordos:

- Enviarlles, para o seu coñecemento, ás mesas negociadoras unha copia dos ditos informes.
- Elaborar, coa axuda do persoal do Consello, un estudo xenérico sobre os referidos informes referidos aos convenios colectivos rexistrados en 2013, para analizar os aspectos que se recollen neles e realizar posteriormente unha guía de boas prácticas.

Xuntanza do 24 de setembro. A presidenta presenta o estudo elaborado no Consello sobre os 164 informes remitidos pola Unidade Administrativa de Igualdade dos convenios colectivos rexistrados en 2013. O estudo clasifica os convenios por provincias, informa sobre a data do seu rexistro, se a empresa o sector obxecto de convenio ten ou non plan de igualdade, así como do total de persoal afectado e do número de homes e de mulleres, para finalmente analizar os apartados que se recollen no convenio en materia de igualdade como “Negociación de medidas de promoción da igualdade, linguaxe, licenzas e permisos, seguridade e saúde laboral, violencia de xénero, acoso e outros”. O dito estudo valórase moi positivamente polas organizacións sindicais e empresarial que integran a comisión.

Xuntanza do 11 de novembro. A Comisión aproba o programa do curso *on line* que se trasladará á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, para o seu estudo e posterior posta en marcha como programa piloto: A IGUALDADE DE XÉNERO NO ÁMBITO LABORAL E DA SEGURIDADE SOCIAL:

- 1.- A igualdade na orde xurídica-laboral española:
 - a) Evolución normativa: desde o Estatuto dos traballadores a Lei de igualdade.
 - b) Nova regulación de dereitos relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral desde a Lei de igualdade.
 - c) Tutela fronte á discriminación no ámbito laboral: xudicial e administrativa e actuación da Inspección de Traballo.
- 2.- Os plans de igualdade e outras medidas de promoción da igualdade nas empresas:
 - a) Obxectivos e funcións dos plans de igualdade
 - b) Deseño, implantación e avaliación (definición e casos prácticos)

- c) Protocolos sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo (definición e casos prácticos)
- d) Responsabilidade social corporativa das empresas

3.- A igualdade e a negociación colectiva:

- a) Relación entre negociación colectiva e igualdade.
- b) A importancia da negociación colectiva a prol da igualdade.
- c) Exemplos de medidas para acadar a igualdade efectiva entre mulleres e homes nos convenios colectivos.

4.- A igualdade no ámbito da protección social:

- a) Igualdade de xénero no acceso ás prestacións de protección social.
- b) Actuacións e situacións de violencia de xénero
- c) Programas de inclusión social e de inserción laboral: situacións de dependencia e de persoas con discapacidade.

Cursos, xornadas e seminarios

XXIV CURSO SUPERIOR DE
RELACIÓNS LABORAIS

XORNADAS SOBRE OS
ÚLTIMOS CAMBIOS
EN CONTRATACIÓN E
COTIZACIÓN

OUTRAS XORNADAS

SEMINARIOS PARA
CADROS DAS
ORGANIZACIÓNS
EMPRESARIAIS E
SINDICAIS

XXIV Curso superior de Relacións Laborais

Un ano máis, o presidente do Consello e o reitor da USC asinaron un convenio de colaboración entre ambas institucións, coa finalidade de realizar a vixésimo cuarta edición do Curso Superior de Relacións Laborais.

Ao acto de inauguración do curso, celebrado na sala de xuntas da Facultade de Dereito da USC o 10 de xaneiro, asistiron o presidente do Consello, Demetrio Fernández López; a vicerreitora da USC, Benita Silva Herme e o director do curso, Javier Gárate Castro. Os catedráticos de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Luis Enrique de la Villa Gil e Ignacio García-Perrote Escartín, impartiron as leccións inaugurais do curso.

O curso tivo unha duración de 206 horas e estruturouse nos seguintes módulos: política e xestión integrada dos recursos humanos; relación individual de traballo; relacións colectivas de traballo, que incluíu un taller práctico sobre negociación colectiva; dereito administrativo do traballo; saúde laboral e dereito penal do traballo; seguridade social; e dereito social da Unión Europea.

Inauguración da XXIV edición do Curso Superior de Relacións Laborais



Outras actividades lectivas incluíron conferencias de persoas expertas e visitas as instalacións de empresas significativas da comunidade autónoma.

A participación institucional do Consello consistiu nunha mesa redonda na que participaron representantes das organizacións que integran o organismo.

Esta edición realizouse, como ven sendo habitual, na Facultade de Dereito da USC e a ela asistiron 39 persoas. O director foi o catedrático de Dereito do Traballo da USC, Javier Gárate Castro e o secretario José M^a Miranda Boto, tamén profesor na Facultade de Dereito. A coordinación técnica levouna a cabo a funcionaria do Consello M^a Jesús Díaz Lorenzana, en calidade de secretaria técnica.

O acto de clausura tivo lugar o 10 de xullo no salón de graos da Facultade de Dereito. No acto interviñeron o presidente do Consello Demetrio

Fernández López; Fernando Acuña Rúa, en representación da CIG; Demetrio Vázquez Martínez, en representación do S.N. De CC.OO.; José Domingo Barros Montáns, en represen-

tación da UGT-Galicia; José Neira Cortés, en representación da CEG; e Consuelo Ferreiro Regueiro, secretaria xeral da USC.

Xornadas sobre os últimos cambios en contratación e cotización

O Consello acordou a realización en 2015 dunha serie de xornadas sobre as últimas modificacións en materia de cotización á Seguridade Social, así como sobre os cambios introducidos nos contratos a tempo parcial.

As xornadas realizáronse en colaboración cos colexios oficiais de Graduados sociais de Galicia e da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo.

Actividade:

Últimos cambios en contratación e cotización

Lugar e data: A Coruña, 21 de febreiro
Nº de participantes: 114



Actividade:

Últimos cambios en contratación e cotización

Lugar e data: Lugo, 24 de marzo
Nº de participantes: 171



Actividade:

Últimos cambios en contratación e cotización

Lugar e data: Ourense, 26 de marzo
Nº de participantes: 111



Actividade:

Últimos cambios en contratación e cotización

Lugar e data: Pontevedra, 31 de marzo
Nº de participantes: 118



Outras xornadas

Actividade:

Igualdade no traballo?

Lugar e data: Santiago de Compostela, 23 de abril
Nº de participantes: 35

O Consello, á proposta da Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, acordou a realización desta xornada co obxectivo de fomentar o debate social en relación coa igualdade de xénero nas relacións laborais.

Actividade:

III xornada técnica de encontro entre o CGRL e o CGPJ: Reforma laboral e Administración

Lugar e data: Santiago de Compostela, 3 de outubro
Nº de participantes: 50

Esta xornada é froito da colaboración continuada entre o Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Xeral do Poder Xudicial. Este ano centrouse na análise da aplicación xudicial da última reforma laboral.



Actividade:

Novas tendencias laborais e de Seguridade Social

Lugar e data: Ferrol, 19 de novembro

Nº de participantes: 98

Esta xornada realizouse en colaboración coa Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña e centrouse na análise das recentes reformas laborais.



Actividade:

Novas tendencias laborais e de negociación colectiva 2014

Lugar e data: Vigo, 11 de decembro

Nº de participantes: 110

Xornada organizada en colaboración co departamento de Dereito do Traballo da Universidade de Vigo e co Consorcio da Zona Franca de Vigo. Nela analizáronse as recentes reformas laborais e da Seguridade Social



Seminarios para cadros das organizacións empresariais e sindicais

O Pleno do Consello considera necesario contribuír á formación técnica e á especialización dos cadros das organizacións sindicais e empresariais, tanto no que se refire á negociación colectiva como en referencia a outros temas que as propias organizacións consideren de interese nun momento concreto.


En 2014 realizouse un seminario sobre Igualdade nas relacións laborais. Elaboración de plans de igualdade, co obxectivo de que os participantes tomen conciencia da importancia e tran-

scendencia de acadar unha auténtica igualdade de oportunidades na empresa e aprendan a detectar as situacións de discriminación directa e indirecta nas relacións laborais e a utilizar os instrumentos adecuados para a súa eliminación.

O seminario tivo lugar en Santiago de Compostela os días 5 e 6 de xuño e nel participaron 30 persoas, designadas polas organizacións sindicais e pola CEG.



II Encontro de Consellos de Relacións Laborais



II Encontro de Consellos de Relacións Laborais

Os días 19 e 20 de xuño tivo lugar en Santiago de Compostela un novo encontro das persoas que ocupan a presidencia e a secretaría dos Consellos de Relacións Laborais de Galicia, Andalucía, Cataluña e Euskadi. Con el tratábase, en primeiro lugar, de dar continuidade a unha práctica que se iniciou o ano pasado co primeiro encontro celebrado en Bilbao os días 6 e 7 de xuño. Repetir aquela experiencia reafirmounos na idea de que, máis aló das diferenzas organizativas entre uns e outros e dunha saudable xeometría variable que dota a cada Consello da súa propia personalidade, todos compartimos non so unha problemática común senón sobre todo unha vontade decidida de actuar nun marco de colaboración e enriquecemento mutuo.

Na mesma liña, seguimos crendo conveniente deixar constancia pública das nosas principais reflexións, conscientes, por unha parte, da nosa condición de meros xestores dos respectivos Consellos pero convencidos tamén, por outra, das responsabilidades indeclinables que nos corresponden no adecuado funcionamento das relacións laborais en cada territorio.

PRIMEIRO.- O noso modelo, ou mellor, os nosos modelos respectivos de relacións laborais susténtanse nun contexto normativo común, caracterizado polo respecto á autonomía colectiva, o que nos fai concibirnos fundamentalmente como estruturas de apoio ao diálogo directo entre os axentes sociais.

Desde esta primeira perspectiva, os Consellos tratamos de contribuír á mellora deste diálogo bipartito, especialmente co apoio, material e técnico, ás mesas de negociación e ás comisións paritarias; e en xeral con todo o que poida reforzar o proceso de xeración do seu principal froito ou resultado: un entramado de acordos e convenios colectivos que actúa como marco regulador básico das relacións laborais nun sistema democrático. Por obvio que pareza, os Consellos non somos un fin en si mesmos, senón un simple medio que sen o concurso e participación activa de quen, en virtude da súa autonomía negocial, exercen unha parte importantísima da capacidade de ordenación e regulación do sistema laboral, ten pouca, e a veces ningunha, capacidade de incidencia neste.

SEGUNDO.- Na nosa opinión, porén, somos un medio (instrumento) necesario nunha sociedade democrática e avanzada e con grandes potencialidades para contribuír ao desenvolvemento desta no ámbito específico das relacións laborais. A crecente complexidade dos procesos de negociación, e o reto ineludible de abordar un enriquecemento progresivo dos contidos dos convenios, está evidenciando, posiblemente máis que nunca antes, a necesidade de contar con ferramentas e estruturas de apoio que unan imparcialidade e capacidade técnica. A creación e o mantemento destas estruturas é unha responsabilidade dos gobernos, pero só terá verdadeiro sentido se se inserta nun círculo virtuoso que poida asociar ao



Titulares da presidencia e secretaría dos Consellos de Relacións Laborais de Andalucía, Cataluña, Euskadi e Galicia

uso de recursos públicos resultados tanxibles en forma de novos acordos entre os propios axentes sociais que progresen na liña apuntada

TERCEIRO.- A aplicación da reforma laboral está a por de manifesto a actualización dalgúns dos riscos que xa intuíamos cando se promulgou aquela e sobre os que centramos boa parte das nosas reflexións no encontro anterior.

En primeiro lugar, e aínda que con diferente intensidade en cada territorio, o bloqueo da negociación colectiva está a provocar efectivamente un desprazamento dos ámbitos negociais, como unha consecuencia natural da substitución automática dun convenio decaído por outro de ámbito superior. E iso sitúanos ante a necesidade de abordar unha reflexión en profundidade sobre o modelo que necesitamos e o que estamos dispostos a impulsar. Aínda que as respostas non deban ser necesariamente unívocas en todos os casos, compartimos a idea central de que como Consellos de implantación territorial e institucións de autogoberno integradas nos respectivos entramados institucionais de cada Comunidade Autónoma, dificilmente poderíamos encontrar sentido á nosa actividade, e mesmo á nosa simple existencia, sen un marco de negociación colectiva que conserve un nivel adecuado e suficiente de acordos e convenios de ámbito territorial (provincial e autonómico). Resulta obvio sinalar, non obstante, que a conservación e o reforzamento deste marco non é posible sen o mantemento e, no seu caso, activación dos procesos de negociación dos convenios colectivos infraestatais e sen o apoio decidido, en cada territorio, dos axentes sociais específicos titulares da autonomía colectiva.

CUARTO.- Os Consellos de Relacións Laborais deberían ser, por outra parte, estruturas igualmente orientadas a facilitar en cada territorio o desenvolvemento dunhas políticas laborais concertadas. Máis aló da nosa concreta configuración formal, todos nós compartimos a idea básica de que ambos niveis de diálogo social –o bipartito e o tripartito– non poden funcionar como compartimentos estancos, senón como pezas articuladas dun sistema complexo que á autonomía negocial dos propios axentes sociais sume unha participación activa destes na definición e xestión dunhas políticas laborais que, mesmo sendo de competencia pública, e por tanto de exercicio indeclinable por cada Administración, deberíanse deseñar, decidir e executar en colaboración.

Creemos que neste ámbito resulta de especial interese compartir experiencias, inquietudes e propostas entre Consellos que malia pivotar sobre dous modelos formais diferenciado-organismos bipartitos e tripartitos con presenza activa da Administración– comparten o obxectivo de incrementar o grado de concertación e de implicación dos axentes sociais no sistema de relacións laborais, entendido desde unha perspectiva integral.

QUINTO.- Na mesma liña, manemos a nosa aposta por unha conexión eficaz cos sistemas voluntarios de solución de conflitos laborais, algúns deles integrados na nosa propia estrutura e xestionados desde os Consellos, e outros de funcionamento independente, porque o tratamento interno do conflito é unha das manifestacións da autonomía colectiva, e o apoio, desde diferentes niveis e conforme a modelos igualmente diferenciados, á solución negociada destes conflitos é plenamente coherente coa nosas finalidades e obxectivos como Consellos de Relacións Laborais.

Neste específico ámbito, todos compartimos tamén a idea de que, ante a creación dun órgano tripartito como instancia última de decisión nos conflitos vinculados coa inaplicación de convenios, deberían potenciarse as vías de autocomposición, das que os sistemas voluntarios son unha peza clave, tratando de que a intervención destes organismos tripartitos sexa minoritaria e mesmo marxinal.

SEXTO.- Un diagnóstico completo e correcto da realidade socio-laboral resulta indispensable para o exercicio das nosas funcións de apoio aos axentes sociais e aos procesos de negociación, pero é igualmente necesario para trasladar á sociedade de forma completa e comprensible os resultados e a situación real, en cada momento, destes procesos. Os Consellos cumprimos tamén por iso unha función de seguimento da negociación colectiva no noso respectivo territorio e aspiramos a consolidarnos como un referente clave para o coñecemento dinámico e actualizado dos nosos respectivos sistemas de relacións laborais, fundamentalmente de carácter colectivo, para o que é necesario manter e, no seu caso, mellorar a coordinación e colaboración con outras instancias administrativas, fundamentalmente as autoridades laborais, e con outros instrumentos e ferramentas de rexistro e coñecemento da negociación colectiva, como o Regcon.

Publicacións periódicas e estudos

INFORME ANUAL
SOBRE A SITUACIÓN
SOCIOLABORAL DE
GALICIA

INFORME ANUAL
SOBRE A SITUACIÓN DA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA
EN GALICIA

BOLETÍN DE NEGOCIACIÓN
COLECTIVA

AS 67 DÚBIDAS MÁIS
FRECUENTES NA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2013

Cumprindo o mandato previsto na súa lei reguladora o Consello dá conta anualmente da situación sociolaboral da nosa comunidade a través dun exhaustivo informe, que se ven publicando dende o ano 1992.

O Pleno do Consello, na súa primeira xuntanza do ano, aprobou a elaboración do Informe 2013, e conta para iso co equipo habitual: Francisco Carballal Lugrís, letrado da Xunta de Galicia; Carlos Domenech de Aspe, inspector de Traballo e Seguridade Social; Marta Puebla Vilariño, funcionaria do Sepe (Servizo Público de Emprego Estatal); Manuel Roca Cendán, catedrático de Tecnoloxía Administrativa; e Francisco Veloso Cermeño, interventor da Seguridade Social. Carmen Cabanas Carlín, funcionaria do Consello, elaborou o capítulo sobre a negociación colectiva galega e Ignacio Bouzada Gil e María José Pérez Señarís, tamén funcionarios do organismo, encargáronse da coordinación técnica e informática. A súa publicación aprobouse na sesión plenaria do 29 de setembro.

O informe estrutúrase en catorce capítulos e un anexo, distribuídos da seguinte maneira:

1. A economía galega no ano 2013
2. Estrutura empresarial e política industrial
3. Economía social
4. Poboación e mercado de traballo
5. A muller no mundo laboral

6. Inicio da relación laboral
7. Contratación
8. O subsistema de formación profesional para o emprego
9. A negociación colectiva
10. A sinistralidade laboral
11. Conflitividade e medios de solución dos conflitos de traballo
12. A regulación de emprego e o Fondo de Garantía Salarial
13. Protección social
14. Elección sindicais

O anexo céntrase, de xeito puramente estatístico, en emprego e investimento público.

O Informe finaliza coas **conclusións** do equipo autor, que reproducimos a continuación, xa que resumen o máis salientable da situación sociolaboral galega en 2013:

Primeira. O PIB de Galicia baixou en 2013 un 1%, (na media estatal 1,2%). Ampliou-se o diferencial de Galicia e España coa Unión Europea, que tivo un crecemento económico (0,1%).

Por ramas de actividade produtiva, o mellor comportamento en 2013 produciuse en Galicia no sector industrial (suba do

1,9%) e o peor, un ano máis, na construción (-4,1%).

No conxunto do último quinquenio, de forte crise económica, só dúas comunidades autónomas (Navarra e Madrid) tiveron un comportamento do PIB mellor que o de Galicia.

Segunda. O comercio internacional de Galicia presentou un gran dinamismo. En 2013 o valor das nosas exportacións ao estranxeiro subiu un 10,5%, mentres que o das importacións baixou un 4,4%. Como consecuencia, a balanza comercial internacional de Galicia rexistrou un superávit que foi máis do dobre que no ano anterior.

No que se refire ao comercio intraestatal, Galicia quedou no ano 2013 cun déficit de 3.194 millóns de euros, inferior ao do ano 2012 (3.822 millóns de euros).

Terceira. A taxa de inflación de Galicia en 2013 foi a menor da última década (0,5%) aínda que quedou dúas décimas por riba da media española. O grupo de gasto en tabaco e bebidas alcohólicas foi o de maior suba porcentual dos prezos en Galicia (5%) e o de comunicacións o de maior diminución (-6,6%).

Cuarta. A pegada da crise económica pódese ver coa evolución dos índices de benestar. Os datos oficiais reflicten, entre outras variables, que hai máis de 63.000 fogares galegos con poboación infantil en risco de pobreza; xa que logo, unha de cada catro familias de Galicia nas que hai menores non dan cuberto as súas necesidades básicas pola falla de recursos. As provincias de Pontevedra e A Coruña teñen as maiores taxas de pobreza infantil e a de Lugo a menor.

Quinta. De acordo cos datos do Directorio Central de Empresas do INE, se ben decreceu por quinto ano consecutivo o número de empresas nas catro provincias galegas, o fai en menor medida que o conxunto estatal. As empresas galegas diminúen ao inicio de 2013 en 1.513 -cun de-

caemento do 0,77%, con respecto ao ano anterior-, representando o 6,13 % do total estatal e sendo a quinta comunidade autónoma en número de empresas, das que ao redor da metade non teñen asalariados.

Segundo a súa condición xurídica, en Galicia hai 64.613 sociedades de responsabilidade limitada, 3.485 sociedades anónimas, 5.906 comunidades de bens, e 106.274 empresas baixo a titularidade de persoa física.

Sexta. O gasto en I+D de Galicia supón para o ano 2012 (último dato dispoñible) o 0,87% do PIB, catro centésimas menos ao do ano anterior, lonxe da media estatal española (1,30) que diminúe anualmente tres centésimas.

Sétima. Galicia conta con 45 novas sociedades laborais inscritas no 2013. Delas son persoas socias traballadoras 192 e 30 persoas socias capitalistas. Estes resultados mostran unha liña descendente en número de sociedades e traballadores respecto do exercicio do ano anterior.

Galicia ocupa o octavo lugar de España en número de sociedades laborais (en 2012 ocupaba o quinto), o que representa un 17% do número total das sociedades laborais de España. No ámbito de Galicia tanto o maior número de sociedades, como o de socios corresponden a Pontevedra (22 SL; 135 socios) que ten un enorme crecemento respecto o exercicio do 2012, seguida da Coruña (18 SL; 64 socios), Ourense (3 SL; 16 socios) e Lugo (2 SL; 7 socios).

En canto ás sociedades cooperativas, constituíronse no 2013 60 sociedades en Galicia, un número superior ao do ano 2012 (51 cooperativas). A distribución de socios segundo o seu sexo é de 243 homes e 139 mulleres.

Oitava. A diminución do emprego en Galicia no ano 2013 segundo a EPA foi dun 3,8%, máis do triplo da media estatal (-1,2%).

A poboación asalariada galega que traballa a tempo parcial tivo un forte incremento: en 2013 medrou máis que no conxunto do bienio 2011-2012.

Novena. A poboación desempregada subiu lixeiramente en 2013 en Galicia (400 persoas) mentres que baixou un 1,2% no conxunto do Estado.

A taxa de desemprego de Galicia creceu sete décimas porcentuais en 2013 e baixou en catro décimas a española. Segue sendo menor en Galicia, pero reduciuse o diferencial respecto do ano anterior.

Décima. Os datos do paro rexistrado reflicten un descenso do 2.85%. No conxunto de España a redución chegou ao 3,13%.

A taxa de paro rexistrado alcanza o 20,99% en 2013, presentando un peor comportamento no caso das mulleres, chegando ao 22,72%, fronte ao 19,47% do colectivo masculino. Por idades, os peores resultados preséntanse no grupo de menores de 25 anos, cunha taxa de paro do 23,79%.

Por sectores de actividade, é no sector servizos onde máis demandantes de emprego se concentran, superando á suma de agricultura e pesca, industria, construción e sen emprego anterior.

Décimo primeira. Mantense unha maior representación dos homes na contratación (52,72%) fronte ás mulleres (47,28%), unida a un maior uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (no 2013 o eventual por circunstancias da produción a tempo parcial superou ao de xornada completa) e un menor concerto de contratos indefinidos, chegando en 2013 ao 48,15%.

Cómpre destacar que seguen existindo modalidades contractuais feminizadas como a de interinidade (70,10%), e a de prácticas volve a superar aos concertados con homes. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración,

persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

Décimo segunda. Polas características do emprego das mulleres (máis traballo a tempo parcial, inferior representación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas, etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 23% inferior ao do home, e o 35% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 80% das prestacións percibidas polos homes. Do mesmo xeito, as pensionistas galegas só percibiron como media o 73% das pensións do grupo de homes.

Décimo terceira. As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres no 82% dos casos. Porcentaxes similares se dan nas excedencias por coidado de fillo/a (94% de mulleres). Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos e nenas e adultos enfermos, persoas con discapacidade ou maiores, o 98% son mulleres.

Décimo cuarta. No ano 2013 produciuse un incremento das contratacións acadándose os 707.044 contratos. Do total de contratos rexistrados, o 92,4% o foron baixo unha modalidade de duración temporal, e só o 7,6% o foron de xeito indefinido.

A modalidade contractual máis utilizada segue sendo o contrato eventual por circunstancias da produción (43% dos contratos iniciais) En segundo lugar se atopa o contrato de obra ou servizo determinado (37% dos contratos iniciais). Tendo en conta a xornada, o máis salientable foi o aumento da contratación a tempo parcial, acadando o 36,7% en 2013.

A temporalidade no sector privado acadou o 22,6% no colectivo masculino e o 25% no feminino. No sector público situouse

nun 16% e un 20% segundo foran homes ou mulleres. A rotación dos asalariados galegos foi de 4,17 contratos eventuais por cada traballador e a rotación das asalariadas galegas acadou os 3,33 contratos.

Décimo quinta. Con datos da Seguridade Social, no ano 2013 diminúe globalmente en máis de 1.000 a cifra de empresas en alta. Resáltase que, en Galicia, máis do 89% das empresas teñen menos de 10 traballadores/as, así como a ocupación elevada de persoas traballadoras en empresas cuxa titularidade corresponde a persoas xurídicas.

Galicia conta no 2013 con 649.600 persoas afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social, e 213.900 persoas afiliadas ao réxime especial de traballadores autónomos.

Décimo sexta. Continúan a facerse patentes os efectos da crise en 2013 e o número de afiliados/as á Seguridade Social diminúen en media anual en 23.800, tras a baixa de 42.800 en 2009, 22.200 en 2010, 27.300 en 2011 e 39.100 en 2012. Os 917.400 afiliados en alta, en media anual, representan o 5,63% do total dos afiliados do Estado.

Décimo sétima. A relación persoas activas/persoas pasivas no sistema da Seguridade Social ven a afondar en 2013 o signo negativo: maior incremento das persoas perceptoras de prestacións en relación coas persoas afiliadas, producíndose en Galicia unha diminución de 5 centésimas e pasando a representar 1,24 cotizantes por pensionista, fronte ao 1,80 do conxunto do Estado (oito centésimas menos que en 2012).

Décimo oitava. Diminúen en computo anual ao fin de 2013 as afiliacións á Seguridade Social no colectivo das mulleres en 4.193 cotizantes, se ben estas pasan a representar en decembro do citado ano o 48,33% do total dos afiliados/as en Galicia.

Décimo novena. Da formación de demanda dirixida á poboación ocupada en

Galicia beneficiáronse 173.282 empresas. Os maiores porcentaxes repiten un patrón similar ao do exercicio do 2012, e danse entre catro grupos de empresas, no seguinte orden: nas empresas de 10 a 49 traballadores; nas pequenas empresas de 1 a 5 traballadores; nas de máis de 4.999 asalariados, e nas de intervalos entre 1.000 a 4.999 traballadores.

Na devandita formación participaron un total de 173.282 persoas, 3.447 máis có exercicio do ano anterior. Advírtese neste grupo un incremento da porcentaxe de mulleres participantes, pese a seguir sendo menor que o dos homes: do total de participantes, 100.843 (58%) son homes, mentres que 72.439 (42%) son mulleres. A maior porcentaxe de participantes concentrábase nos dous grupos de idade de entre 36 a 45 anos en ambos sexos.

Respecto aos contidos formativos con maior número de participantes, destaca que “Prevención de riscos laborais en xeral” concentra un ano máis o maior número, 38.378 (22,15%), mentres que as dúas seguintes accións de maior número de formados son a “Xestión de Recursos Humanos” (7,96%) e “Seguridade Alimentaria” (6,72%). Sube con forza a opción de “Informática nivel usuario” como quinta opción máis seguida cando no exercicio anterior nin sequera estaba entre as vinte primeiras.

Vixésima. Mantense a tendencia decrecente na sinistralidade laboral dos últimos anos. En Galicia o total de accidentes en xornada de traballo experimentou un descenso do 5,41%, aínda que se aprecia un incremento nos accidentes mortais. Na clasificación por actividades económicas dos accidentes, o comercio e a construción nas súas diversas modalidades, son as actividades que máis sinistralidade rexistran.

Vixésimo primeira. Galicia, no total de accidentes, está na media do índice de incidencia estatal, tendo sete comunidades maior índice de incidencia. No que se refire ao índice de incidencia correspondente aos accidentes mortais, Galicia ocupa o

terceiro lugar das comunidades, aínda que cun índice que está máis de 2 puntos por enriba da media estatal. Na evolución destes índices en Galicia, obsérvase unha diminución en relación cos anos anteriores.

Vixésimo segunda. O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2013, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, é de 860, dos cales 122 son de sector e 738 de empresa. Asináronse por primeira vez este ano 23 novos convenios (todos de empresa), oito na Coruña, catro en Lugo, dous en Ourense, sete en Pontevedra e dous son de ámbito autonómico.

Vixésimo terceira. O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados en 2013 foi do 0,57%, o incremento máis baixo desde que hai rexistros no Consello Galego de Relacións Laborais. Esta media é lixeiramente superior ao IPC galego deste ano, que foi do 0,5%, e tamén ao estatal, que foi do 0,3%.

O 18,46% dos convenios asinados e o 23,08% dos revisados recollen cláusulas de revisión salarial. O 71,28% dos convenios asinados este ano recollen cláusulas respecto da ultraactividade. Nos convenios de sector a porcentaxe de convenios con pacto de ultraactividade é do 87,80% e nos de empresa do 66,88%.

En materia de xornada, a media pactada no ano 2013 foi de 1.767,46 horas, sendo máis reducida nos convenios de empresa (1.735,54 horas) fronte aos de sector (1.769,52 horas). Son 132 convenios colectivos (o 67,69% dos asinados este ano) os que indican unha xornada inferior á máxima legal (30 de sector e 102 de empresa).

Vixésimo cuarta. Rexistráronse en 2013 en Galicia 180 inaplicacións de convenio, 61 en 2012, que afectan a 4.166 persoas traballadoras, das que 2.763 son homes e 1.403 mulleres.

Respecto das condicións de traballo que se inaplican, no 96,11% refírense á contía

salarial, sendo dentro destas a redución do salario a que máis se produce (72,78%).

No 73,9% das inaplicacións rexistradas a composición da comisión negociadora correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democraticamente). No 25,6% está constituída pola representación legal dos traballadores/as.

Vixésimo quinta. Con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a conflitividade laboral sigue aumentando neste ano, xa que, segundo criterios de repercusión, as folgas seguen a experimentar un claro incremento en relación co ano anterior, dato que se aprecia no aumento no seu número, persoas traballadoras participantes, e xornadas no traballadas.

Vixésimo sexta. Os expedientes de regulación de emprego diminúen sensiblemente este ano, tanto o seu número como o número de persoas traballadoras afectadas, feito que se produce na case totalidade das comunidades autónomas. No ano 2013 houbo 113 procedementos de carácter extintivo, 852 procedementos de carácter suspensivo e 953 procedementos de redución de xornada. Estes procedementos afectaron a 1.906, 12.899 e 5.446 persoas traballadoras, respectivamente.

Vixésimo sétima. O número de persoas perceptoras en Galicia da prestación económica de desemprego sitúase en media anual do 2013 en 155.400 (un 57,3% do total de persoas rexistradas no Servizo Público de Emprego), cunha diminución dun 2,04% con respecto o ano anterior, e supoñen o 5,42% do total estatal. Case a metade das persoas perceptoras da comunidade autónoma o son dunha prestación asistencial (subsídio ou renda activa de inserción).

Vixésimo oitava. Os preto de 998.000 beneficiarios/as do conxunto de prestacións sociais en Galicia supoñen o 35,86%

do total da poboación, porcentaxe que é 6,67 puntos máis elevada có correspondente ao total do Estado. O importe mensual destas prestacións: 696,5 millóns de euros, en decembro de 2013, que representan en Galicia unha contía de 250,4 euros por persoa beneficiaria.

Vixésimo novena. Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia durante o período de catro anos e tendo en conta os representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2013, segundo a data de rexistro das actas, a central sindical UGT, con 29,84% do total, é a

que obtivo maior número de representantes (5.364), seguida de CCOO e CIG con 28,74% e 26,76%, respectivamente (5.166 e 4.811 representantes), acadando un total de 2.637 o resto de sindicatos e grupos de persoas traballadoras cun 14,67%. No período que vai do 1 de xaneiro de 2010 ao 31 de decembro de 2013 a porcentaxe de participación das persoas traballadoras foi dun 72,61%.

Este informe pode consultarse así mesmo na páxina web do organismo: <http://cgri.xunta.es>

Informe sobre a situación da negociación colectiva en Galicia en 2012

O informe anual sobre a situación da negociación colectiva na Comunidade Autónoma de Galicia vense realizando practicamente desde a creación do Consello Galego de Relacións Laborais e publícase polo xeral no primeiro semestre do ano seguinte.

Non obstante, a Lei 3/2012, do 7 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, modificou a redacción do artigo 86.3

do ET e introduciu a limitación a un ano da ultraactividade dos convenios vencidos, polo que tiveron que revisarse as cláusulas de moitos convenios. Isto está a ocasionar un retraso na publicación do informe, de maneira que en 2014 saíu o correspondente ao ano 2012 e está a punto de publicarse o de 2013.

Este informe pode consultarse na páxina web do organismo: <http://cgri.xunta.es>

Boletín de negociación colectiva

Desde 2009, primeiro ano de funcionamento do Observatorio Galego de Negociación Colectiva como órgano colexiado adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais, o persoal do organismo elabora un boletín que se publica con carácter trimestral e que analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva en Galicia: número de convenios colectivos existentes, os asinados e revisados, número de convenios asinados por primeira vez, incremento salarial pactado, xor-

nada media pactada, convenios que conteñen cláusulas de revisión salarial e pactos de ultraactividade e máis datos de interese. Analiza tamén o boletín a negociación colectiva estatal con aplicación en Galicia. A vocación é de chegar a todos os recunchos de Galicia e a todos os axentes sociais como fonte de difusión e coñecemento da nosa realidade.

Xunto ao estudo da evolución da negociación colectiva, o boletín contén tamén os datos de

interese sobre os principais indicadores económicos de Galicia.

Na páxina web do Consello <http://cgri.xunta.es> poden consultarse todos os boletíns publi-

cados desde outubro de 2009 ata outubro de 2014 (no momento de editarse esta memoria de actividades).

AGA. Acordo interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo

A primeira sinatura deste acordo foi en marzo de 1992 e supuxo unha aposta importantísima dos axentes sociais de Galicia para solucionar de xeito pacífico os conflitos que inevitablemente se producen nas relacións laborais.

Tras máis de vinte anos funcionando e cun número crecente de asuntos sometidos a mediación ou arbitraje, cumpría actualizar o acordo e adaptalo á nova realidade e á nova regulación


laboral. O 25 de marzo de 2013 a CEG, UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG asinaron o novo texto no seo Consello Galego de Relacións Laborais.

O texto en papel editouse en xuño de 2014. Pode así mesmo consultarse na páxina web do Consello: <http://cgri.xunta.es>

As 67 dúbidas máis frecuentes na negociación colectiva

Trátase dun texto elaborado polo departamento de Dereito de Traballo da USC e nel recóllense tamén as achegas facilitadas polas organizacións empresariais e sindicais presentes no Consello. Foi aprobado polo Pleno do Consello o 17 de decembro de 2014. A súa edición en papel está prevista para febreiro de 2015. De momento pode consultarse na páxina web do Consello: <http://cgri.xunta.es>

O Consello e as novas tecnoloxías



O Consello e as novas tecnoloxías

<http://cgri.xunta.es>

Durante o ano 2014, a páxina web do Consello tivo 100.273 visitas aos convenios colectivos; 21.087 aos ditames; 23.250 ás novas; 1.374 á normativa; 1.058 ás organizacións; 527 ás recomendacións da negociación colectiva, 2.097 aos boletíns de negociación colectiva e 716 entradas para rexistro de convenios. O uso da páxina foi crescendo de ano en ano ata chegar aos resultados de 2014.

A páxina, de gran utilidade para as persoas que se ven afectadas pola negociación colectiva e as relacións laborais, creouse no ano 2003 e renovouse en 2009.

Recolle a práctica totalidade do traballo desenvolvido polo Consello, as novidades que se producen e permite o acceso a cada unha das actividades que realiza, ás publicacións editadas e aos ditames emitidos, que reproduce integramente. Por un lado, contén información detallada dos cursos, seminarios e xornadas que o organismo organiza e, por outro, ofrece un resumo estatístico da evolución do AGA desde os seus comezos, detalla os expedientes xestionados e os laudos arbitrais emitidos. Por último, no apartado de negociación colectiva, permite a entrada ao texto íntegro dos convenios colectivos negociados na comunidade autónoma galega.


Ao longo dos anos fóronse introducindo distintas variables, para unha mellor funcionalidade e

mellorar o seu contido. Son un exemplo, entre outros, a introdución da normativa laboral, dun boletín da situación da negociación colectiva en Galicia e da solicitude para a reserva de salas no organismo para a negociación de convenios.

O Consello está nas redes sociais (Facebook e Twitter) desde comezos de 2014. Preténdese reflectir a actividade do Consello e facerse eco de noticias, artigos doutrinais, convenios colectivos que se asinan e sentenzas de interese para o mundo laboral.

O organismo aposta polas novas tecnoloxías e xa figura como “Consejo Gallego de Relaciones Laborales” en Wikipedia e pronto estará como “Consello Galego de Relacións Laborais” en Galipedia, xunto co AGA.

Persoal do Consello



Persoal do Consello

De acordo co artigo 14º da lei reguladora, o persoal ao servizo do Consello poderá ser funcionario ou laboral, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo e rexerase pola normativa da comunidade autónoma en materia de persoal ao servizo da Administración pública. Actualmente o persoal do Consello é exclusivamente persoal funcionario.

A relación de postos de traballo é a seguinte:

- un posto de secretaria ou de secretario do Consello (30)
- unha xefatura de Servizo Xurídico e de Solución de Conflitos (28)
- unha xefatura de Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios (28)
- unha xefatura de Sección de Xestión Orzamentaria (25)
- unha xefatura de Sección de Informes e Publicacións (25)
- unha xefatura de Sección de Habilitación e Persoal (25)
- unha xefatura de Sección Xurídica (25)
- unha xefatura de Negociado de Habilitación (20)

- unha xefatura de Negociado (18)
- un posto de secretario ou de secretaria da presidenta ou do presidente do Consello (18)
- un posto de secretario ou de secretaria da secretaria ou de secretario Consello (16)
- dous postos base administrativo (14)
- dous postos base de auxiliar administrativo (12)
- un posto base de ordenanza (10)

A unidade administrativa é a Secretaría Xeral, que agrupa as seguintes áreas:

1. Área Xurídica e de Solución de Conflitos. Ten asignada como funcións principais a de apoio á secretaria xeral na análise da normativa estatal e autonómica que incida nas funcións do Consello e na elaboración de informes sobre proxectos normativos sometidos a ditame, así como a de xestionar a tramitación dos expedientes de conciliación e mediación e de arbitraje que se inicien ao abeiro do AGA.
2. Área de Negociación Colectiva. Ten encomendada a xestión do programa informático Necol e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións

salariais negociadas, así como a elaboración periódica dos distintos informes demandados sobre a negociación colectiva en Galicia.


3. Área de Estudos, Informes e Publicacións. Asume as funcións de elaboración e coordinación dos estudos e informes que se realizan a iniciativa propia e das publicacións periódicas que edita o Consello, entre as que destacan a de Dita-mes emitidos, a memoria de actividades do organismo e o Informe anual sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Área de Xestión de Persoal, Administración e Xestión Económica. Ten encomendada a xestión de persoal, a administración do organismo e a contratación e servizos de mantemento, así como o seguimento e control do orzamento do Consello e a xestión económica e contable. Así mesmo, é a encargada da organización de cursos, seminarios e encontros de debate social, entre os que destaca o Curso Superior de Relacións Laborais.
5. Área de Documentación e Arquivo. Xestiona a documentación técnica, as bases de datos documentais e o arquivo documental e fondo bibliográfico do Consello.

A continuación, reflíctese, por orde alfabética, a relación de traballadoras e traballadores que durante 2014 prestaron os seus servizos no Consello:

- Celso Araujo Castro
- Ignacio Bouzada Gil
- Carmen Cabanas Carlín
- Eva Camino Fernández (ata o 1 de abril)
- Ernestina Campo Fernández
- Cristina Cuendias Paredes (ata o 28 de febreiro)
- M^a Jesús Díaz Lorenzana (ata o 1 de abril)

- Gumersindo Donas Vázquez
- Borja Fernández Eiras
- Silvia García Roca
- Ana Iglesias Pardo
- Vanessa Lorenzo Aniceto (desde o 4 de outubro)
- M^a Isabel Mosquera Bonome (desde o 4 de abril)
- Marisa Peña Cebreiro
- M^a José Pérez Señarís (ata o 22 de decembro)
- M^a Angustia Precedo Castro (desde o 4 de abril)
- Beatriz Rivas Bibian
- José Luis Tato Castiñeira (desde o 3 de abril)

Concertos de colaboración para a realización de prácticas



Concertos de colaboración para a realización de prácticas

En virtude do concerto de colaboración asinado entre o Consello e a USC para a realización de prácticas de alumnas e alumnos de últimos anos de carreira en empresas e organismos oficiais, resultaron seleccionados, entre outros candidatos e candidatas, Ana García Lavandeira, estudante de Dereito; Noel Prieto Saldaña, estudante do Grao de Relacións Laborais e Lidia Fernández Pérez, estudante do Máster en Xestión e Dirección Laboral.

O período de prácticas abrangueu os meses de febreiro a xuño, ambos os dous inclusive. No mes de febreiro desenvolveu a súa actividade Ana García (80 horas). Durante os meses de marzo, abril e maio, Noel Prieto realizou a súa estadía de 300 horas. Finalmente, Lidia Fernández estivo durante o mes de xuño realizando a materia de prácticas (120 horas).

A realización das prácticas permitiu aos e ás bolseiras adquirir unha visión de conxunto das actividades que desenvolve este organismo, particularmente na área de estudos e de negociación colectiva.

Ana García durante a súa estadía desenvolveu a seguinte actividade:

6. Asistencia ás xuntanzas dos órganos colegiados do Consello:
 - Comité de ditames

- Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade na Negociación Colectiva

7. Estudo comparativo de axudas en materia de igualdade no conxunto do Estado.
8. Actualización de indicadores no informe sobre a situación sociolaboral da muller en Galicia en 2012.
9. Tratamento dos datos remitidos polo IGE para a elaboración de estatísticas para a publicación de informes do Consello.

Pola súa parte, durante o período de prácticas, Noel Prieto Saldaña asistiu a algunhas xuntanzas de mediación de conflitos colectivos de traballo (AGA), xunto co responsable do servizo xurídico e de solución de conflitos do Consello e a persoa mediadora do conflito, o que lle permitiu coñecer en profundidade o acordo interprofesional galego e os seus procedementos extraxudiciais de solución de conflitos.

O alumno realizou un estudo comparativo de convenios colectivos do sector de industrias vitivinícolas, comparando os convenios colectivos provinciais existentes e as súas táboas salariais, de cara ao estudo da posibilidade de asinar un convenio autonómico no sector. Así mesmo, axudou na elaboración dunha táboa comparativa da normativa en materia de igualdade noutras comunidades autónomas, particularmente a re-

gulación das axudas para a elaboración de plans de igualdade.


O alumno asistiu tamén a unha xornada organizada polo Consello Galego de Relacións Laborais na cidade de Pontevedra sobre “Últimos cambios na contratación e na cotización á Seguridade Social” e axudou na elaboración dun resumo dos relatorios expostos nesta e noutras tres xornadas realizadas sobre igual materia, xornadas de debate social nas que participan como relatores profesionais da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, da Xudicatura, da Tesourería da Seguridade Social e representantes das organizacións sindicais e empresariais que integran o Consello.

Finalmente, Lidia Fernández asistiu a un curso de formación de 12 horas de duración, A Igualdade nas Relacións Laborais. Elaboración de Plans de Igualdade, organizado pola Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade de Homes e Mulleres na Negociación Colectiva, impartido pola profesora de Dereito do Traballo e Seguridade Social e directora do Instituto de Estudos para a Igualdade da Universidade de Córdoba, Teresa Velasco Portero.

Adquiriu formación práctica acerca dos problemas entre empresas e persoas traballadoras, e acompañou aos mediadores nos conflitos laborais xestionados no Consello, o que lle permitiu coñecer a xestión dos expedientes de mediación e arbitraje que se tramitan no organismo.

Así mesmo, Lidia realizou un estudo comparativo dos informes sobre os convenios colectivos desde unha perspectiva de xénero, emitidos pola Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, que foi valorado moi positivamente polas persoas que integran a Comisión consultiva autonómica para a igualdade na negociación colectiva.

Gastos orzamentarios



Gastos orzamentarios

	2013	2014
Arrendamentos	8.689,92	9.406,05
Reparacións, mantemento e conservación	4.867,99	8.207,43
Material de oficina	5.983,73	6.843,13
Subministracións	12.143,87	7.243,84
Comunicacións	1.374,49	3.128,07
Publicidade e propaganda	0,00	1.452,00
Gastos diversos	12.406,67	11.606,32
Reunións e conferencias	30.657,13	38.640,88
Limpeza e aseo	8.989,66	8.927,15
Seguridade	8.463,50	11.848,90
Estudos e traballos técnicos	42.665,77	35.396,42
Remuneracións a axentes mediadores	27.829,68	24.212,92
Publicacións	16.272,50	17.526,29
Indemnizacións por razón do servizo	3.887,59	4.787,06
Outras indemnizacións	202.000,00	202.000,00
Total gastos servizos exteriores	386.232,50	391.226,46
Subvención á USC (Curso Superior Relacións laborais)	45.000,00	45.000,00
Gastos de capital	3.876,20	4.519,35
Total gastos	435.108,70	440.745,81
Total gastos de persoal	555.874,08	589.926,14
TOTAL GASTOS	990.982,78	1.030.671,95



XUNTA
DE GALICIA



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS